

d) A serie numérica: os nove primeiros números. A súa representación gráfica.

e) Iniciación ó cálculo coas operacións de unir e separar por medio da manipulación de obxectos.

f) Nocións básicas de medida. Unidades de medida naturais. Medidas temporais. Instrumento de medida do tempo: o reloxo.

g) Formas planas: círculo, cadrado, rectángulo, triángulo. Corpos xeométricos: esfera, cubo.

h) Nocións básicas de orientación e situación no espacio.

5. A expresión artística e a creatividade.

5.1 Expresión plástica.

a) A expresión plástica como medio de comunicación e representación.

b) Materiais e útiles para a expresión plástica.

c) As técnicas básicas da expresión plástica. Utilización destas técnicas para favorece-la creatividade.

d) Gama de cores primarias e a súa mestura.

e) Interese e respecto polas elaboracións plásticas propias e dos demais.

5.2 Expresión musical.

a) Ruído, silencio e música.

b) As propiedades sonoras da voz, dos obxectos de uso cotián e dos instrumentos musicais.

c) Discriminación de sons e ruídos da vida diaria: ambulancias, trens, coches, timbres, animais...

d) Cualidades do son: intensidade e ritmo.

e) Cancións populares infantís, danzas, bailes e audicións.

f) Interese e iniciativa para participar en representacións.

5.3 Expresión corporal.

a) Posibilidades do corpo para expresar e comunicar sentimentos e emocións.

b) O corpo: actividade, movemento, respiración, equilibrio e relaxación.

c) Nocións de direccionalidade co propio corpo.

d) Desprazamentos polo espacio con movementos diversos.

e) Interese e iniciativa para participar en representacións.

Criterios de avaliación

A avaliación terá en conta o desenvolvemento das capacidades e o logro dos obxectivos marcados no currículo. O final da educación infantil os alumnos deben ser capaces de:

1. Identifica-las partes do propio corpo, no doutro neno e nun debuxo.

2. Distingui-los sentidos e identificar sensacións a través deles.

3. Expresa-las emocións a través do corpo.

4. Confiar nas súas posibilidades para realiza-las tarefas encomendadas.

5. Orientarse no espacio.

6. Ter interiorizada a súa lateralidade.

7. Acepta-las regras do xogo.

8. Ser autónomos no seu aseo persoal.

9. Distingui-los membros da súa familia, identifican-do parentesco, funcións e ocupacións.

10. Coñece-las dependencias do colexio, a aula, os seus membros e as súas funcións.

11. Identifica-las dependencias da casa e as súas funcións.

12. Respectar e coida-los obxectos do seu contorno.

13. Coidar e respecta-los animais e as plantas.

14. Falar cunha pronuncia correcta.

15. Discriminar auditivamente palabras, sílabas e fonemas.

16. Participar mediante comunicación oral (conversas, contos, cancións, adiviñas, poesías...).

17. Memorizar pequenos relatos.

18. Interpretar imaxes, carteis, fotografías, pictogramas e contos.

19. Recoñece-las grafías dentro das palabras.

20. Ler e identificar letras, palabras e frases sinxelas.

21. Representar graficamente o que le.

22. Aprender a contar de forma correcta.

23. Identifica-los nove primeiros números e a súa representación gráfica.

24. Coñece-los primeiros números ordinais.

25. Realiza-las grafías dos números sinxelos.

26. Clasificar elementos atendendo ás súas propiedades.

27. Resolver problemas sinxelos que impliquen operacións básicas.

28. Identifica-las formas xeométricas máis elementais: círculo, cadrado, triángulo e rectángulo.

29. Identifica-las cores primarias e a súa mestura.

30. Ter interese e respecto polas súas elaboracións plásticas e polas dos demais.

31. Coñece-las propiedades sonoras do propio corpo, dos obxectos e dos instrumentos musicais.

32. Memoriza-las cancións aprendidas.

33. Expresar sentimentos e emocións co corpo.

34. Desprazarse polo espacio con distintos movementos.

13179 *REAL DECRETO 830/2003, do 27 de xuño, polo que se establecen as ensinanzas comúns da educación primaria.* («BOE» 157, do 2-7-2003.)

Segundo establece a Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, no seu artigo 8.2, corresponde ó Goberno fixa-las ensinanzas comúns, que son os elementos básicos do currículo, en canto ós obxectivos, contidos e criterios de avaliación. A fixación destas ensinanzas é, en todo caso e pola súa propia natureza, competencia exclusiva do Estado, de acordo co previsto pola Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, na súa disposición adicional primeira.2.c), e segundo o teor da disposición derradeira terceira.2 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro.

A finalidade destas ensinanzas comúns, e razón de ser da competencia que corresponde en exclusiva ó Estado para fixalas, é garantir unha formación común a todos os alumnos dentro do sistema educativo español, como se expresa no artigo 8.2 da referida Lei orgánica 10/2002.

Para asegura-lo logro desta finalidade, as ensinanzas comúns deben quedar incluídas, nos seus propios termos, no currículo que cada unha das administracións educativas establece para o seu respectivo territorio e á súa impartición débese dedicar, en todo caso, de acordo co determinado na propia Lei orgánica 10/2002, no seu artigo 8.2, o 55 por cento dos horarios escolares

nas comunidades autónomas que teñan, xunto á castelá, outra lingua propia cooficial, e o 65 por cento no caso daquelas que non a teñan.

A estas esixencias, impostas pola propia finalidade das ensinanzas comúns, obedece a fixación que, dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e horarios, das correspondentes ó nivel de educación primaria, se leva a cabo neste real decreto.

A sociedade dos nosos días caracterízase pola súa gran complexidade e polos seus avances científicos e tecnolóxicos. A escola do século XXI non debe ser allea ós desafíos do presente e, por isto, debe responder ás expectativas dos cidadáns cunha educación de calidade para todos, que lles será útil ó longo de toda a vida, permitíndolles afrontar-los retos do novo contexto social.

Ó establece-las ensinanzas comúns da educación primaria tivéronse en conta non soamente as necesidades sociais, senón tamén as características evolutivas das distintas idades e as pautas que rexen a aprendizaxe nesta etapa da vida. O coñecemento destas características serviu para determina-los obxectivos, os medios e as formas de aprender máis adecuados a cada nivel para alcanza-los fins propostos.

As ensinanzas comúns non se deben limitar á adquisición de coñecementos, senón que deben propor tamén unha educación que contribúa ó desenvolvemento integral de tódalas capacidades. Todo isto esixe dota-lo currículo dunha gran riqueza e variedade de contidos. Nas áreas desenvólvense contidos de carácter instrumental, lingüístico, científico, tecnolóxico, estético, ben como os valores que deberán servir de referencia para a formación integral dos alumnos.

As ensinanzas comúns deben asegurar unha educación que facilite ós alumnos o desenvolvemento da súa personalidade e da súa capacidade mental e física, sexan cales foren as súas condicións persoais e sociais, partindo da escola como centro de cultura e espacio de compensación de diferencias asociadas a factores de orixe económica e social. Por outra parte, o feito de seren ensinanzas comúns a tódolos españois favorecerá o seu entendemento e convivencia arredor de valores compartidos e facilitará a continuidade, progresión e coherencia da aprendizaxe en caso de desprazamento dentro do territorio nacional.

Para dar unha resposta educativa ó alumnado do nivel de educación primaria, tomando como referencia os obxectivos xerais, as ensinanzas comúns diversifícanse en obxectivos específicos de cada área, ben como en contidos e criterios de avaliación secuenciados nos tres ciclos, de forma que exista un maior grao de concreción e se consiga unha maior adecuación ós fins que se pretenden.

Nestas ensinanzas destaca o papel fundamental que adquire a comprensión lectora. Considérase un contido con valor propio, pois utilízase en tódalas áreas e en tódolos cursos, contemplándose como un proceso inacabado ó longo de toda a educación primaria, que deberá te-la súa continuidade na educación secundaria obrigatoria. A lectura deberá, por tanto, estimularse e ser levada a cabo por tódolos profesores que interveñen no proceso educativo, desenvolvendo estratexias e técnicas eficaces de comprensión lectora como forma de acceso á información, ó coñecemento e ó deleite.

A aprendizaxe de linguas estranxeiras, o ensino das cales se adianta ó primeiro ciclo de educación primaria, dará resposta a unha necesidade prioritaria de comunicación e de entendemento entre culturas diferentes, así como á mobilidade dos cidadáns no espacio común que comparten dentro da Unión Europea.

Do mesmo modo, as tecnoloxías da información e da comunicación están a conformar unhas transformacións profundas na sociedade actual. Así, a información

aparece como elemento chave, aglutinador e creador da sociedade da información, abandeirando unha serie de cambios que configuran esta nova sociedade. A sociedade do coñecemento mostra que os procesos de aprendizaxe son o factor máis importante na educación, e deles nace a capacidade de xerar novos coñecementos en calquera ámbito do saber. Este concepto fai necesario que a introducción das tecnoloxías da información e da comunicación na educación se basee en cambios da metodoloxía e dos contidos. En concordancia coa denominada «e-Europe», téntase conseguir que as novas xeracións obteñan o máximo proveito das mudanzas que está a produci-la sociedade da información, introducindo a internet e as ferramentas multimedia nos centros educativos, para adapta-la educación á era dixital. Para isto, deberase garantir a tódolos alumnos a posibilidade de adquiriren unha cultura básica dixital antes de finalizaren o nivel de primaria. En consecuencia, os alumnos de educación primaria deberán no primeiro ciclo coñecer-lo uso do ordenador e utilizalo como recurso didáctico; no segundo ciclo, utiliza-la educación á era dixital e realizar un proxecto co uso das tecnoloxías da información e da comunicación, e no terceiro ciclo, domina-las ferramentas da comunicación das tecnoloxías da información e da comunicación e realizar un proxecto en grupo coas tecnoloxías da información e da comunicación.

Os valores que deben estar presentes ó longo de toda a vida educativa son o respecto polos principios democráticos, polos dereitos e liberdades fundamentais e todos aqueles que cumpran as esixencias individuais dunha vida en común, educando na sensibilidade e na tolerancia.

As ensinanzas de sociedade, cultura e relixión, correspondentes ás opcións confesional e non confesional, desenvolveranse con estricto respecto pola Constitución española. Os obxectivos e contidos xerais establécense neste real decreto, sen prexuízo da competencia correspondente para a determinación do currículo da opción confesional.

A educación deberá ser unha actividade planificada, que se levará a cabo nun clima escolar ordenado, afectuoso e á vez esixente, con expectativas e actitudes positivas por parte do mestre, onde se valore o esforzo, pois que sen el non é posible a aprendizaxe, e se potencie a responsabilidade do alumno. A escola debe ser un lugar en que se favoreza o desenvolvemento tanto das habilidades sociais e dos hábitos de traballo responsable como da autonomía, a imaxinación, a creatividade e a capacidade para afrontar novas situacións.

Pola forma en que o alumno de educación primaria accede ó coñecemento, faise necesaria a coordinación das diferentes áreas. A interdisciplinabilidade débese aplicar progresivamente ó longo do terceiro ciclo. Desde a aula, favorecerase a implicación do alumno e o continuo desenvolvemento dunha inquietude pola procura activa, pola investigación, pola organización, pola autonomía e polo traballo en equipo.

Os criterios de avaliación que se formulan establecen o grao de aprendizaxe que deben alcanza-los alumnos ó finaliza-los ciclos, respecto das capacidades fixadas nos obxectivos específicos de cada área, ben como nos contidos.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e emitiron informe o Consello Escolar do Estado e o Ministerio de Administracións Públicas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación, Cultura e Deporte, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de xuño de 2003,

DISPÕÑO :

Artigo 1. *Principios xerais.*

A educación primaria, que ten carácter obrigatorio e gratuïto, comprenderá seis anos académicos, que se cursarán ordinariamente entre os seis e os 12 anos de idade, e organizarase en tres ciclos de dous anos cada un.

Os alumnos incorporaranse ordinariamente ó primeiro curso da educación primaria no ano natural no que cumbran seis anos.

Artigo 2. *Finalidade.*

A finalidade da educación primaria é facilitar ós alumnos as aprendizaxes da expresión e comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, a adquisición das nocións básicas da cultura e o hábito de convivencia, así como os de estudo e traballo, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ó pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e de preparalos para cursaren con aproveitamento a educación secundaria obrigatoria.

Artigo 3. *Obxectivos.*

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos alumnos as seguintes capacidades:

a) Coñece-los valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas e respecta-lo pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver unha actitude responsable e de respecto polos demais que favoreza un clima propicio para a liberdade persoal, a aprendizaxe e a convivencia.

c) Desenvolver hábitos de esforzo e responsabilidade no estudio e actitudes de curiosidade e interese pola aprendizaxe, coas que descubri-la satisfacción da tarefa ben feita.

d) Desenvolve-la iniciativa individual e o hábito do traballo en equipo.

e) Coñecer e usar adecuadamente a lingua castelá e, se é o caso, tamén a lingua cooficial da comunidade autónoma, nas súas manifestacións oral e escrita, así como adquirir hábitos de lectura.

f) Iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións.

g) Coñece-los aspectos fundamentais das ciencias da natureza, a xeografía, a historia e a cultura.

h) Adquirir nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa necesaria para desenvolverse en situacións cotiás.

i) Desenvolve-lo espírito emprendedor, fomentando actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, creatividade e iniciativa persoal.

j) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e das comunicacións.

k) Iniciarse na valoración e na produción estética das diferentes manifestacións artísticas, así como na expresión plástica, rítmica e vocal.

l) Coñece-lo valor do propio corpo, o da hixiene e a saúde e da práctica do deporte como medios máis idóneos para o desenvolvemento persoal e social.

m) Coñecer e valora-la natureza e o ambiente, e observar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

Artigo 4. *Áreas.*

1. Consonte o establecido no artigo 16 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, as áreas da educación primaria serán as seguintes:

- Ciencias, xeografía e historia.
- Educación artística.
- Educación física.
- Lingua castelá.
- Lingua oficial propia da comunidade autónoma, cando a houber.
- Lingua estranxeira.
- Matemáticas.
- Sociedade, cultura e relixión.

2. A comprensión lectora e a capacidade de se expresar correctamente serán desenvolvidas en tódalas áreas. As administracións educativas promoverán as medidas necesarias para que nas distintas áreas se desenvolvan actividades que estimulen o interese e o hábito da lectura e da expresión oral.

3. Neste nivel educativo prestarase especial atención á realización de diagnósticos precoces, á atención individualizada dos alumnos e ó establecemento de mecanismos de reforzo para evita-lo fracaso escolar nestas primeiras idades.

Artigo 5. *Elementos básicos do currículo.*

1. No anexo I deste real decreto especifícanse as ensinanzas comúns, que constitúen os elementos básicos do currículo no que se refire a obxectivos, contidos e criterios de avaliación.

2. No anexo II establécese para as diferentes áreas da educación primaria o horario escolar correspondente ás ensinanzas comúns, de conformidade co disposto no artigo 8 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación.

Artigo 6. *Currículo das administracións educativas.*

1. As administracións educativas establecerán o currículo da educación primaria, que deberá incluír, nos seus propios termos, as ensinanzas comúns fixadas neste real decreto.

2. Ós contidos das ensinanzas comúns correspóndelles, en todo caso, o 55 por cento dos horarios escolares nas comunidades autónomas que teñan, xunto coa castelá, outra lingua cooficial, e o 65 por cento no caso daquelas que non a teñan.

Artigo 7. *Autonomía dos centros docentes.*

1. Os centros docentes desenvolverán o currículo establecido polas administracións educativas mediante as programacións didácticas, nas que se terán en conta as necesidades e as características dos alumnos.

Os centros docentes, dentro do marco xeral que establezan as administracións educativas, elaborarán o proxecto educativo no que se fixarán os obxectivos e as prioridades educativas, así como os procedementos de actuación. Para a elaboración dese proxecto deberán ter en consideración as características do centro e do seu medio escolar, así como as necesidades educativas dos alumnos.

2. As administracións educativas, no ámbito das súas competencias, fomentarán a autonomía dos centros e, así mesmo, estimularán o traballo en equipo dos mestres.

3. Os órganos de coordinación didáctica dos centros docentes públicos terán autonomía para elixiren os libros de texto e demais materiais curriculares que se vaian usar en cada ciclo e en cada área deste nivel educativo, sempre que se adapten ó currículo normativamente establecido.

4. Os centros docentes, en virtude da súa autonomía pedagóxica, e de acordo co procedemento que establezan as administracións educativas, que deberán garanti-la ausencia de discriminación entre os alumnos, poderán ofrecer proxectos educativos que reforcen e amplíen determinados aspectos do currículo referidos ós ámbitos lingüístico, humanístico, científico, tecnolóxico, artístico, deportivo e das tecnoloxías da información e da comunicación. Estes centros deberán incluír no seu proxecto educativo a información necesaria co fin de orientar-los alumnos e os seus pais.

5. Para poderen desenvolver ó máximo as capacidades, formación e oportunidades de tódolos alumnos, os centros docentes poderán amplia-lo currículo, horario escolar e días lectivos, respectando, en todo caso, o currículo e calendario escolar establecidos polas administracións educativas.

Artigo 8. *Avaliación.*

1. A avaliación da aprendizaxe dos alumnos será continua e terá en conta o progreso do alumno no conxunto das distintas áreas.

2. Os mestres avaliarán os alumnos tendo en conta os obxectivos específicos e os coñecementos adquiridos en cada unha das áreas, segundo os criterios de avaliación que se establezan no currículo.

3. Os alumnos que conseguisen os obxectivos correspondentes ó ciclo, establecidos no currículo, accederán ó ciclo ou nivel educativo seguinte.

4. Cando un alumno non atinxise os obxectivos, poderá permanecer un curso máis no mesmo ciclo. Esta medida poderase adoptar unha soa vez ó longo da educación primaria e esixirá oír previamente os pais do alumno.

Artigo 9. *Medidas de apoio.*

1. Os alumnos que accedan ó ciclo seguinte con avaliación negativa nalguna das áreas recibirán os apoios necesarios para a recuperación destas.

2. As administracións educativas promoverán que os centros leven a cabo medidas de apoio e de atención educativa dirixidas ós alumnos con necesidades educativas específicas.

Artigo 10. *Elementos básicos dos documentos de avaliación.*

O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, logo de informe das comunidades autónomas, determinará os elementos básicos dos documentos de avaliación, así como os requisitos formais derivados do proceso de avaliación que sexan precisos para garanti-la mobilidade dos alumnos.

Artigo 11. *Calendario escolar.*

1. Na educación primaria, o calendario escolar, que fixarán anualmente as administracións educativas, comprenderá un mínimo de 175 días lectivos.

2. En ningún caso o inicio do curso escolar se producirá antes do 1 de setembro nin o final das actividades lectivas despois do 30 de xuño de cada ano académico.

Artigo 12. *Coordinación coa educación secundaria obrigatoria.*

Para garanti-la continuidade do proceso de formación dos alumnos, estableceranse os pertinentes mecanismos de coordinación coa etapa de educación secundaria obrigatoria.

Disposición adicional primeira. *Área de sociedade, cultura e relixión.*

1. A área de sociedade, cultura e relixión comprenderá dúas opcións de desenvolvemento: unha, de carácter confesional, acorde coa confesión pola que opten os pais ou, se é o caso, os alumnos, entre aquelas respecto do ensino das cales o Estado teña subscritos acordos; outra, de carácter non confesional. Ambas opcións serán ofrecidas obrigatoriamente polos centros e os alumnos deberán elixir unha delas.

2. O ensino confesional da relixión axustarase ó establecido no Acordo sobre ensino e asuntos culturais subscrito entre a Santa Sé e o Estado español e, se for o caso, ó disposto naqueles outros subscritos, ou que se puidesen subscribir, con outras confesións relixiosas.

3. As ensinanzas comúns da opción non confesional están incluídas no anexo I. A determinación do currículo da opción confesional será competencia das correspondentes autoridades relixiosas. As decisións sobre utilización de libros de texto e materiais didácticos e, se for o caso, a súa supervisión e aprobación corresponden ás autoridades relixiosas respectivas, de conformidade co establecido nos acordos subscritos co Estado español.

4. O procedemento de escollo da opción de desenvolvemento desta área efectuarase de acordo co disposto no artigo 3.1 e no primeiro inciso do artigo 3.2 do Real decreto 2438/1994, do 16 de decembro, entendéndose que as mencións nos citados preceptos da relixión e de actividades de estudo alternativas se referirán, respectivamente, ás opcións confesional e non confesional da área de sociedade, cultura e relixión.

Disposición adicional segunda. *Incorporación de alumnos estranxeiros.*

1. A incorporación a calquera dos cursos que integran a educación primaria de alumnos procedentes de sistemas educativos estranxeiros que estean en idade de escolarización obrigatoria realizarase tendo como referente a súa idade e a súa competencia curricular, mediante o procedemento que determine a Administración educativa.

2. As administracións educativas favorecerán a incorporación daqueles alumnos que descoñezan a lingua e cultura españolas, ou que presenten graves carencias en coñecementos básicos, mediante o desenvolvemento de programas específicos de aprendizaxe, establecidos no artigo 42 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación. Estes programas serán aplicados á aprendizaxe tanto do castelán como das demais linguas cooficiais nas respectivas comunidades autónomas, de acordo cos seus estatutos.

Disposición adicional terceira. *Flexibilización do período de escolarización.*

1. De conformidade co disposto no artigo 43.3 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, poderase flexibiliza-la duración da educación primaria para aqueles alumnos que fosen identificados como superdotados intelectualmente, de acordo coas normas que estableza o Goberno, logo de consulta-las comunidades autónomas.

2. Excepcionalmente, poderase autoriza-la flexibilización do período de escolarización na educación primaria ós alumnos con necesidades educativas especiais, consonte o disposto no artigo 46.1 da citada lei.

Disposición adicional cuarta. *Avaliación xeral de diagnóstico.*

A partir do curso 2005-2006, conforme o disposto no artigo 18 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, nos termos establecidos no artigo 97 desa lei, e logo de aprobación da normativa básica correspondente, na educación primaria, as administracións educativas realizarán unha avaliación xeral de diagnóstico, que terá como finalidade comproba-lo grao de adquisición das competencias básicas previstas para este nivel educativo. Esta avaliación carecerá de efectos académicos e terá carácter informativo e orientador para os centros, o profesorado, as familias e os alumnos.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Na medida en que se vaia implantando a nova ordenación da educación primaria establecida neste real decreto, de acordo co disposto no Real decreto 827/2003, do 27 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, quedará sen efecto o contido do Real decreto 1006/1991, do 14 de xuño, polo que se establecen as ensinanzas mínimas correspondentes á educación primaria.

2. Quedan derogadas as demais normas de igual ou inferior rango en canto se opoñan ó establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto, que se dicta ó abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a e 30.^a da Constitución española, a disposición adicional primeira, número 2, da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, e en virtude da habilitación que confire ó Goberno a Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, no seu artigo 8.2, ten carácter de norma básica.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario.*

Corresponde ó ministro de Educación, Cultura e Deporte, sen prexuízo do que dispoñan as comunidades autónomas no ámbito das súas competencias, dictar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento e execución do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 27 de xuño de 2003.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación, Cultura e Deporte,
PILAR DEL CASTILLO VERA

ANEXO I

ELEMENTOS BÁSICOS DO CURRÍCULO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Educación primaria

CIENCIAS, XEOGRAFÍA E HISTORIA

Introducción

A área de ciencias, xeografía e historia é imprescindible para comprende-lo mundo que nos rodea e as transformacións ás que está sometido. Os contidos desta área permiten coñecer mellor a condición natural do ser humano como parte da natureza e as leis desta, así como a interacción dos seres humanos co seu medio natural e social. Para aborda-los fundamentos do ensino nestes campos resulta especialmente oportuno lembrar aquí que o uso das tecnoloxías da información e da comunicación mudou o concepto de «proximidade», de maneira que hoxe o máis familiar para os alumnos non é necesariamente o máis próximo no espazo e no tempo.

Así mesmo, cómpre que os nenos adquiren sólidos fundamentos dunha cultura científica, que lles permita coñecer e comprende-lo papel da ciencia e dos coñecementos científicos no progreso da humanidade, e entenderen así no futuro os debates e as decisións que deben adopta-los científicos e os gobernos para preservar-la saúde das persoas, así como os recursos naturais. Neste nivel educativo débese introducir-lo estudio dos métodos propios da ciencia, aproveitando a curiosidade por coñecer e o interese por explora-lo medio que rodea os alumnos desta idade.

No conxunto da área estudarase o corpo humano, a súa estrutura e funcionamento, e inculcarase ós alumnos hábitos saudables que favorezan a boa alimentación, a hixiene e o coidado persoal. Concederase prioridade ó coñecemento dos procesos que teñen lugar na natureza, como base fundamental para valorala, así como ó coñecemento das propiedades e os cambios físicos e químicos dos materiais. A utilización na vida cotiá de máquinas e aparellos, a prevención dos riscos naturais e numerosos aspectos relacionados coa enerxía serán de especial interese nestas idades.

No estudio da xeografía salientase a necesidade dunha aprendizaxe xeral das realidades espaciais. Ademais, o estudio das diferentes sociedades ha servir para que o alumno se identifique coa súa propia sociedade, e comprenda a existencia simultánea doutras diferentes ás que tamén pertence, como a Unión Europea e Occidente, no que constitúe un conxunto de vínculos, intereses e lealdades plural e coherente. Así mesmo, incorpórase a economía e o estudio da empresa desde os primeiros ciclos, pois a empresa constitúe un tipo de organización humana esencial para xerar riqueza e promove-lo progreso tecnolóxico e científico, xunto co benestar da sociedade. Os contidos relativos á poboación tamén serán estudados, concedendo especial atención ó fenómeno inmigratorio, ás súas causas e ás súas repercusións

espaciais e sociais no ámbito español. Resulta fundamental o estudio de España nos aspectos xeográficos, históricos e de estrutura territorial, coa Unión Europea como marco de referencia.

No ensino da historia subliñarase o estudio da sucesión dos acontecementos no tempo como base esencial da súa comprensión, e tamén se destacará o coñecemento daquelas persoas que máis contribuíron ó progreso dos seres humanos en distintos campos e os acontecementos e circunstancias en que despregaron os seus esforzos.

Polo que respecta ó patrimonio, tanto paisaxístico como artístico e cultural, resulta necesario educalos nenos no seu coñecemento e estimula-la súa sensibilidade para que o gocen. Os coñecementos adquiridos na área permitirán comprender e respecta-la variedade dos diferentes grupos humanos e valora-la importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre todos eles sobre a base de valores e dereitos universais compartidos.

A área fomenta a capacidade de traballo individual e en equipo, ademais do esforzo como elemento esencial do proceso de aprendizaxe. Resulta imprescindible que o alumno adquira o nivel de expresión oral e escrita e de comprensión lectora que lle permita assimilar e transmitir estes coñecementos.

Obxectivos

1. Adquirir e utilizar correctamente e con precisión, de forma oral e escrita, o vocabulario específico da área. Desenvolve-la lectura comprensiva a través de textos científicos, históricos e xeográficos.

2. Recoller, seleccionar e procesar información básica sobre o medio natural, social e cultural, a partir de fontes diversas e as contribucións das tecnoloxías da información e a comunicación.

3. Valora-lo protagonismo da sociedade nos procesos históricos, recoñecendo o papel das persoas que contribuíron ó progreso da ciencia ou destacaron polas súas actitudes de innovación, creatividade, responsabilidade, esforzo e compromiso.

4. Coñecer e valora-la contribución e a importancia da ciencia e a investigación para mellora-la calidade de vida e benestar dos seres humanos.

5. Coñece-lo patrimonio natural, histórico e cultural, respectando a súa diversidade e desenvolvendo a sensibilidade artística e o interese polo ambiente e a natureza.

6. Idear proxectos emprendedores para desenvolver-las capacidades, a iniciativa, a toma de decisións, o traballo en equipo, o espírito crítico, a creatividade e a flexibilidade, subliñando a importancia do esforzo e da responsabilidade persoal.

7. Coñece-lo propio corpo e o valor da hixiene e das prácticas saudables para o desenvolvemento persoal.

8. Identifica-los diferentes animais e plantas do medio natural próximo ó alumno.

9. Coñece-las características e funcións dalgúñas máquinas útiles para o ser humano.

10. Coñece-la propia sociedade e a pertenza plural e compartida a máis dunha realidade social, histórica e cultural. Así, a pertenza a España cos seus municipios, provincias e comunidades autónomas, a Europa, a Occidente e ó mundo.

11. Recoñece-las diferencias e semellanzas entre grupos e valora-lo enriquecemento que supón o respecto polas diversas culturas que integran o mundo sobre a base duns valores e dereitos universais compartidos.

12. Identificar e localizar no tempo e no espacio acontecementos sobranceiros, dentro dun cadro cronolóxico elemental.

13. Desenvolver, a través do coñecemento histórico, valores relacionados cos dereitos humanos e a democracia.

Primeiro ciclo

Contidos

1. O corpo humano. Partes do corpo. Cambios corporais ó longo da vida.

2. Os sentidos: órganos e funcións.

3. Os alimentos. A dieta equilibrada. Hábitos saudables, prevención dos trastornos alimentarios. Algúns aspectos básicos da seguraza alimentaria.

4. Saúde e enfermidade. As prácticas saudables. Normas de hixiene e aseo persoal.

5. Principais grupos de animais e plantas. Hábitos de respecto polos seres vivos.

6. A auga. Composición, características e importancia para os seres vivos. O ciclo da auga: augas superficiais e subterráneas.

7. A superficie terrestre. Elementos característicos. O solo. Identificación do medio e diversidade de paisaxes. Nocións básicas de orientación espacial.

8. O aire que respiramos. Composición, características e importancia para os seres vivos. O tempo atmosférico: principais fenómenos meteorolóxicos. A sucesión estacional.

9. A conservación do ambiente. Os riscos da contaminación da auga, da terra e do aire.

10. A ciencia e a sociedade: importancia dos avances científicos para mellora-la calidade de vida. Grandes investigadores, inventores e científicos. Importantes descubrimentos e inventos que fixeron avanza-la humanidade.

11. A organización social: familia, escola e actividade laboral e profesional.

12. Os servizos públicos. Os medios de comunicación e de transporte.

13. Produtores e consumidores.

14. O lecer e o tempo libre.

15. O transcurso do tempo no medio que rodea o do alumno: familia e localidade.

Criterios de avaliación

1. Recoñece-las distintas partes do corpo e os cambios físicos que se producen ó longo da vida.

2. Distinguir entre os estados de saúde e enfermidade e coñece-los hábitos de hixiene e coidado persoal.

3. Diferenciar plantas e animais polas súas características principais.

4. Coñece-los aspectos máis importantes do aire, da auga e da terra e algunhas medidas de protección do ambiente.

5. Recoñece-los elementos fundamentais da paisaxe e do medio físico e cultural e utilízalo para explicalo seu mundo próximo.

6. Coñece-los principais fenómenos meteorolóxicos e comprende-las características das estacións do ano.

7. Utiliza-las nocións básicas de orientación espacial mediante exercicios sinxelos de localización.

8. Coñece-la organización familiar, escolar e local e identificar algunhas das funcións que desenvolven os seus membros e as características dalgúns oficios e profesións.

9. Diferenciar medios de comunicación e de transporte, sinalando algunha propiedade esencial deles.

10. Comprende-los mecanismos do intercambio comercial.

11. Distinguir algunha característica das festas e tradicións no ámbito local, autonómico e nacional.

12. Coñece-la evolución, a través do tempo, dalgún aspecto significativo da vida familiar ou da localidade.

13. Comprender e recoñece-la importancia da ciencia e a investigación. Aprecia-la diferenza de calidade de vida actual en relación con outros países e outras épocas.

Segundo ciclo

Contidos

1. Os seres vivos: características, funcións e niveis de organización.

2. Estructura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas.

3. Niveis de clasificación na materia viva. Virus, bacterias e organismos unicelulares complexos. Fungos. Funcións vitais de vexetais e animais.

4. As funcións vitais na especie humana: nutrición, relación e reprodución. Localización, estrutura, función e visión integrada dos aparellos e sistemas correspondentes.

5. A materia e as súas propiedades. Tipos de materiais. Cambios físicos. Cambios químicos: a combustión. Utilidade dalgúns avances, produtos e materiais para a sociedade.

6. O Universo. O sistema solar. Características físicas do planeta Terra e os seus movementos.

7. A representación da Terra: mapas e imaxes.

8. O clima e a súa repercusión na paisaxe.

9. A actividade humana e a paisaxe.

10. Máquinas e aparellos. A panca: funcionamento, tipos de pancas e os seus diferentes usos e aplicacións máis frecuentes.

11. Os sectores de produción e a actividade económica.

12. Organización social, política e territorial de España.

13. Introducción á cronoloxía histórica. Trazos diferenciais das sociedades a través do tempo.

14. Mudanzas e permanencias. Acontecementos históricos e vida cotiá. Testemuños e herdanzas do pasado.

15. Procesos e persoas sobranceiras na historia de España.

Criterios de avaliación

1. Describi-la estrutura celular e as funcións dos tecidos máis significativos de animais e vexetais.

2. Coñecer e localiza-los principais órganos, aparellos e sistemas do corpo humano.

3. Recoñece-los procesos das funcións vitais nos animais e nas plantas.

4. Distingui-los cambios físicos e químicos que afectan a materia, especialmente os producidos por quecemento.

5. Enuncia-las características dalgúns máquinas en función da súa utilidade para o ser humano.

6. Distingui-los cambios físicos e químicos que afectan a materia. Comprende-la utilidade da ciencia para a sociedade na creación de materiais e produtos.

7. Comprende-la estrutura básica do Universo e do sistema solar.

8. Recoñece-los diferentes elementos que configuran a paisaxe (relevo, solo, clima, vexetación, poboamento, redes de comunicación) para establecer semellanzas e diferenzas entre diferentes ámbitos territoriais.

9. Representar espazos mediante planos, bosquexos e mapas sinxelos e utilízalos para orientarse e trasladarse.

10. Distingui-las diferentes actividades que caracterizan cada un dos sectores productivos.

11. Coñece-la organización e estrutura territorial de España.

12. Ordenar temporalmente feitos históricos relevantes a partir das nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.

13. Coñecer datos básicos da biografía das persoas relevantes para a historia de España.

14. Describir correctamente acontecementos históricos e xeográficos.

15. Utilizar fontes básicas de información.

Terceiro ciclo

Contidos

1. Funcionamento e coidado de noso corpo. Principais enfermidades que afectan os aparellos e sistemas do organismo humano. Hábitos saudables e prevención dos trastornos alimentarios. Avances da ciencia que melloran a saúde e a alimentación: medicamentos e antibióticos; potabilización da auga; a hixiene; fertilizantes; aditivos, química do frío e saúde animal.

2. Clasificación dos seres vivos. Os animais: vertebrados e invertebrados. Características, grupos e especies máis representativas. Os vexetais: características, grupos e especies máis representativas. A importancia económica dos seres vivos.

3. As relacións entre os seres vivos. Cadeas alimenticias. Asociacións intraespecíficas e interespecíficas. Poboacións, comunidades e ecosistemas.

4. A industria alimentaria. Produtos de orixe animal e vexetal. A conservación dos alimentos: conservantes e estabilizantes; transporte e conservación de alimentos que precisan temperaturas adecuadas.

5. A ciencia: presente e futuro da sociedade. Na cultura e o lecer: o libro (papel, tintas); a arte (pinturas e colorantes); a música (cintas e discos compactos); o cine (fotografía, vídeo e DVD); o deporte (materiais máis flexibles e fortes). Na casa e na vida diaria: fibras téxtiles, pinturas de paredes e cosméticos. No transporte: pneumáticos, air bag, novos materiais do automóbil ás naves espaciais. Na informática e nas telecomunicacións: chips, CD ROM, soportes magnéticos e fibra óptica. Na construción: materiais illantes e vernices.

6. As camadas da terra. Atmosfera, hidrosfera, codia, manto e núcleo. Minerais e rochas. Os compoñentes do solo. Catástrofes naturais: volcáns, terremotos e inundacións.

7. A luz como fonte de enerxía. O comportamento da luz: reflexión e refracción. A descomposición da luz: a cor. Electricidade e magnetismo.

8. Máquinas e aparellos na vida cotiá. Tipos de máquinas e os seus usos máis frecuentes. Utilización de aparellos e compostos. Electricidade, ferramentas mecánicas, medios informáticos, produtos químicos, radioactividade. Beneficios e riscos das novas tecnoloxías e produtos. Medidas de prevención. Primeiros auxilios.

9. España e a súa diversidade paisaxística. Aspectos físicos e humanos. Zonas xeolóxicas e climatolóxicas de España.

10. A poboación de España. Movementos naturais e migratorios. Composición e distribución territorial.

11. Concepto de enerxía. Fontes de enerxía e materias primas. Enerxías renovables e non renovables. Desenvolvemento sustentable.

12. Economía, mundo laboral, actividade e funcións da empresa.
13. Prehistoria e Idade Antiga en España. A Romanización.
14. España medieval: procesos de formación e integración política. A convivencia e o conflito entre culturas.
15. España na Idade Moderna. A monarquía dos Reis Católicos. Os grandes descubrimentos xeográficos. Renacemento, Século de Oro e Ilustración.
16. España na Idade Contemporánea. A nosa historia recente.
17. España en Europa. A Unión Europea.

Criterios de avaliación

1. Coñecer e establecer relacións entre as funcións vitais dos seres humanos e determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e saúde.
2. Identifica-las distintas clases de animais e plantas sinalando as súas características primordiais.
3. Coñecer e describi-los compoñentes das cadeas alimenticias e o papel que desempeñan nos ecosistemas.
4. Recoñece-la importancia dos procesos de conservación dos alimentos, e especificamente o concenrente a algúns produtos perecedoiros: conservantes, estabilizantes e uso do frío no transporte e a conservación de alimentos.
5. Distingui-las características dalgúns minerais e rochas da contorna.
6. Situar sobre o mapa de España as principais zonas con riscos xeolóxicos e climatolóxicos.
7. Recoñece-los beneficios e os riscos derivados do uso de determinados aparellos e produtos, así como as principais medidas de prevención.
8. Coñece-las diferentes paisaxes españolas, comprendendo que son o resultado da combinación de diversos axentes físicos, ben como da interacción entre o medio natural e os grupos humanos.
9. Distingui-los principais trazos da poboación española tanto pola súa dinámica natural como pola súa mobilidade espacial e a súa composición e distribución territorial.
10. Coñece-las principais fontes de enerxía e o seu impacto ambiental e clasificar diversos tipos de materias primas explicando os seus posibles usos e transformacións. Aplica-lo concepto de desenvolvemento sustentable ás actividades da vida cotiá.
11. Recoñece-las principais actividades económicas en España. Coñece-lo funcionamento da empresa e das relacións laborais, comprendendo a función dinamizadora da actividade empresarial na sociedade.
12. Describi-las principais características da Prehistoria e a Idade Antiga en España.
13. Identifica-los trazos distintivos das culturas que conviviron en España durante a Idade Media, así como as fases máis importantes do proceso de unificación territorial.
14. Comprende-la transcendencia dos descubrimentos xeográficos e o papel desempeñado por España neles.
15. Entende-la transformación das sociedades agrarias en sociedades industriais e o seu reflexo en España.
16. Coñece-los trazos característicos da sociedade española actual, valorando o seu carácter democrático e plural, así como a súa pertenza á Unión Europea.
17. Ler e interpretar correctamente planos e mapas sinxelos, atendendo á súa escala e ós signos convencionais, para situar correctamente os feitos xeográficos e históricos.

Educación primaria

EDUCACIÓN ARTÍSTICA

Introducción

A educación primaria é o momento idóneo para desenvolver no neno os coñecementos, experiencias e hábitos que forman a área de educación artística nas vertentes de plástica e música. En proceso de continuidade coa idade infantil, tentárase ir avanzando desde presupostos de xogo a propostas máis reflexivas.

O alumno de primaria aprenderá a utilizar e a entender-la plástica e a música como formas específicas e insubstituíbles da expresión e da representación de certos aspectos da realidade, fundamentais no conxunto do saber. As imaxes e os sons do mundo que nos rodea poden se-la materia prima das manifestacións artísticas e requiren procesos de sensibilización, entendemento e expresión que desde a área de educación artística poden favorecer-lo desenvolvemento dunha personalidade completa e equilibrada.

A educación artística ofrece contribucións relevantes ós obxectivos xerais do nivel da educación primaria. O traballo sistemático e ó mesmo tempo natural da percepción atenta, visual e auditiva, que constitúe a base de tódalas aprendizaxes desde a lectura á explicación en clase, abórdase explicitamente nesta área, permitindo unha aplicación simultánea ó resto das áreas do currículo. Igualmente favorece os procesos de comprensión de coñecementos xerais, xa que permite nutrir de maneira racional o compoñente imaxinario dos nenos. Para facilita-la adecuada utilización da imaxinación, para incrementa-la súa capacidade de concentración e favorece-la resolución de problemas de calquera área, cómpre estimular-la imaxinación nunha dimensión na que a arte ofrece posibilidades novas de organización da intelixencia.

O alumno será o protagonista activo no proceso de sensibilización, apreciación e creación artística. O desenvolvemento destas capacidades dependerá en gran medida do intercambio comunicativo cos seus compañeiros, e o papel do profesor será a chave para dar sentido artístico ó coñecemento e ós recursos individuais e do grupo.

A través dos obxectivos e contidos da área, téntase desenvolver-la creatividade individual e colectiva, e o gozo ou pracer estético.

Para isto, suxeriranse ós alumnos, de forma progresiva, modelos artísticos que amplíen as súas posibilidades de valoración das manifestacións artísticas recoñecidas pola cultura. Utilizaranse as tecnoloxías da información e a comunicación como un instrumento valioso de provocación de situacións creativas e de ampliación do coñecemento.

A exploración de materiais instrumentais de todo tipo permitirá ós alumnos adquiriren unha serie de conceptos básicos que lles facilitarán realizar unha lectura coherente de imaxes e sons, e sentiren as emocións que subxacen a toda expresión artística.

Deberase fomenta-lo traballo en equipo, favorecendo a creatividade, a reflexión, a comprensión e a valoración das obras de arte, mostrando ós nenos os mesmos criterios que os artistas utilizan nos procesos de creación das súas obras.

A educación artística neste nivel educativo tenderá a lograr como obxectivo final que os alumnos aprendan a valora-las manifestacións artísticas.

Obxectivos

1. Desenvolve-la capacidade de observación e a sensibilidade para aprecia-las calidades estéticas, visuais e sonoras do que nos rodea.

2. Aprender a expresar e comunicar con autonomía e iniciativa emocións e vivencias, a través dos procesos propios da creación artística na súa dimensión plástica e musical.

3. Explorar e experimentar as posibilidades expresivas e comunicativas de diferentes materiais, instrumentos e tecnoloxía actual, e descubrir significados de interese expresivo e estético.

4. Aprender a pórse en situación de vivirla música: cantar, escoitar, inventar, danzar, interpretar, baseándose na comparación das súas propias experiencias creativas con manifestacións de distintos estilos, tempos e culturas.

5. Explora-las posibilidades expresivas do son a través da percepción, a invención, a creación e a súa identificación con linguaxes musicais, utilizando unha codificación propia dos nenos que favoreza a apertura a distintas formas de expresión.

6. Potencia-la capacidade de lectura, análise e interpretación da arte e as imaxes nos seus contextos culturais e históricos e favorece-la comprensión crítica dos significados, valores e funcións sociais da cultura visual.

7. Identificar, comprender e utilizar os códigos artísticos das creacións plásticas e visuais presentes no medio que rodea o alumno.

8. Fomentar actitudes de respecto, valoración e disfrute das producións propias, das dos demais e das manifestacións artísticas do patrimonio cultural e desenvolve-la capacidade de diálogo e de análise constructiva.

9. Aprender a planificar individualmente e en equipo as fases do proceso de execución dunha obra.

Primeiro ciclo

Contidos

I. Escoita e creación.

1. O son: percepción sensorial. Os sons que nos rodean. Coleccións de sons.

2. Escoita e invención creativa. Expresión musical na linguaxe oral: exclamacións, expresións espontáneas.

3. A música como linguaxe infantil.

4. Grafías non convencionais.

II. A voz e os seus recursos.

1. Exploración dos recursos da voz.

2. Técnica vocal: preparación da voz.

3. A canción como elemento expresivo.

III. Materiais instrumentais: expresión e interpretación.

1. Instrumentos non convencionais de calidade acústica.

2. Improvisación e expresión instrumental.

3. Práctica de tódalas capacidades sonoras dos instrumentos.

IV. Música e danza.

1. O movemento e a escoita.

2. A danza na expresión espontánea.

3. Creación e repertorio de danzas sinxelas.

Criterios de avaliación

1. Recrear e reproducir manifestacións sonoras significativas polas súas calidades acústicas.

2. Interpretar, só ou en grupo mediante a voz ou materiais sonoros diversos, improvisacións que conteñan os procedementos musicais de repetición, variación e contraste.

3. Utilizar debuxos e palabras como modo de escritura musical, recoñecendo esa creación como partitura.

4. Participar na procura de recursos expresivos da voz.

5. Saber desenvolver expresións cantadas, chegando a darlles forma de canción.

6. Interpretar con materiais sonoros e diversos instrumentos sinxelos, expresións musicais que conteñan formas de sonoridade controlada e variada.

7. Adecua-lo movemento corporal ó movemento da música, expresando mediante a danza espontánea os distintos elementos sonoros percibidos desde unha escoita atenta e activa.

8. Participar activamente en creacións instrumentais.

Segundo ciclo

Contidos

I. Escoita e creación.

1. Características dos sons que nos rodean. Descrición de sons. Produccións sonoras espontáneas e a súa organización.

2. A gravación na aula como recurso creativo: quebracabezas e colaxes sonoras.

3. Linguaxes musicais. Audicións orixinais de distintos países.

II. A voz e os seus recursos.

1. O canto: a voz como instrumento.

2. Técnica vocal: emisión e articulación.

3. Expresión vocal: a canción como principio dunha creación.

4. Canto en grupo.

III. Materiais instrumentais: expresión e interpretación.

1. O corpo como instrumento en diferentes culturas e estilos musicais.

2. Familias de instrumentos.

3. Creación instrumental e repertorio de músicas do mundo.

IV. Música e danza.

1. A danza como expresión de sentimentos, emocións e imaxinación.

2. O sentido musical a través do control corporal.

3. Danzas do mundo.

Criterios de avaliación

1. Descubri-la organización da obra musical e describi-los sons que a compoñen a partir da produción sonora espontánea.

2. Participar en propostas de recolla e clasificación de materiais e obxectos sonoros para utilizalos na aula de forma creativa: quebracabezas e colaxes sonoras.

3. Utilizar grafías como medio de representación de sons e coñece-la súa función como partitura.

4. Entende-la voz como instrumento e como recurso expresivo, partindo da canción e das súas posibilidades como medio para crear, inventar ou improvisar.

5. Identifica-lo corpo como instrumento que se manifesta de diversos modos nas diferentes culturas e estilos musicais.

6. Coñece-los timbres e calidades de materiais sonoros e instrumentos, agrupalos e utilízalos nas súas creacións instrumentais.

7. Usa-lo corpo como expresión de sentimentos, emocións e imaxinación dun modo que implique o control da postura e a coordinación coa música.

Terceiro ciclo

Contidos

I. Escoita e creación.

1. Creación de obras musicais sobre situacións e paisaxes sonoras.

2. Creación musical: a obra musical.

3. Audicións como punto de referencia para crear.

4. Aproximación á linguaxe musical: signos e grafías convencionais.

II. A voz e os seus recursos.

1. A voz na música: audicións de música vocal.

2. Técnica vocal: entoacións. Achegas da música étnica á voz.

3. Creación e repertorio de cancións.

4. Agrupacións vocais: a capella, con acompañamento instrumental.

III. Materiais instrumentais: expresión e interpretación.

1. Clasificacións de instrumentos.

2. Os instrumentos na cultura musical.

3. Creacións e montaxes.

4. Práctica instrumental.

IV. Música e danza.

1. Montaxes de coreografías como interiorización da forma da música.

2. Espacio, orde e ritmo.

3. A danza no tempo.

Criterios de avaliación

1. Incorporar manifestacións sonoras significativas polas súas calidades acústicas como medios de expresión persoal a producións sonoras creativas e colectivas.

2. Utiliza-la escoita musical como marco de referencia para as propias creacións.

3. Traducir para a linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.

4. Recoñecer calidades da voz a través de audicións diversas e músicas étnicas, e recrealas nas súas diferentes posibilidades expresivas.

5. Coñecer cancións de distintos lugares e estilos como medio de comunicación, valorando as súas posibles contribucións á invención e ó enriquecemento cultural.

6. Diferenciar instrumentos musicais e observa-las súas características máis significativas, para ser capaz de clasificalos segundo as súas calidades.

7. Facer montaxes propias e creacións partindo da práctica instrumental.

8. Inventar coreografías que correspondan coa forma interna da obra musical e impliquen unha orde espacial e temporal.

Primeiro ciclo

Contidos

I. Elementos que configuran a linguaxe visual.

1. As pegadas gráficas: punto, liña e mancha. Execucións espontáneas e libres.

2. A cor. Uso da cor con liberdade e imaxinación.

3. A textura. Texturas táctiles, naturais e artificiais.

4. A forma. A forma como resposta expresiva ou representativa.

5. O volume. Percepción visual e táctil do volume.

II. Composicións plásticas.

1. O encadre e a ocupación do espazo gráfico.

2. A composición: sentido do equilibrio.

III. O debuxo ou linguaxe gráfica.

1. Da representación á expresión.

IV. Apreciación das diferentes manifestacións artísticas.

1. Iniciación ó criterio estético.

2. Lectura de imaxes.

3. Valoración estética do ambiente natural e urbano.

V. Técnicas e materiais.

1. Técnicas bidimensionais: debuxo, pintura, colaxe e estampación.

2. Técnicas tridimensionais: modelaxe e construcións.

3. Experimentación con diversos materiais e soportes de diferentes medidas e formatos.

Criterios de avaliación

1. Identificar, describir e representa-lo medio natural e o medio artificial.

2. Observar e identifica-las manifestacións artísticas que nos rodean e os medios de comunicación nos que predomina a imaxe.

3. Realizar composicións bidimensionais e tridimensionais segundo un desexo de expresión.

4. Utiliza-lo debuxo como medio de expresión e representación.

5. Saber manexar técnicas sinxelas bidimensionais e tridimensionais cunha adecuada destreza óculo-manual.

6. Identificar e valora-las representacións visuais e artísticas que nos rodean e identifica-los elementos principais dunha obra plástica.

7. Realizar lectura de imaxes de forma espontánea, baseándose na experiencia persoal, no aspecto formal e no contexto histórico.

8. Recoñecer, diferenciar e utiliza-la expresividade de diversos materiais e soportes.

9. Traballa-la produción propia e en equipo, e coída-lo material e o espazo de traballo.

Segundo ciclo

Contidos

I. Elementos que configuran a linguaxe visual.

1. As pegadas gráficas: punto, liña e mancha. Execucións espontáneas e libres.

2. A cor. Observación, percepción e experimentación da cor.

3. A textura. Texturas táctiles e visuais, naturais e artificiais.

4. A forma. Representación de repertorios formais sinxelos.

5. O volume. O cheo e o baleiro.

II. Composicións plásticas.

1. O encadre e a ocupación do espazo gráfico.

2. A composición abstracta.

3. A proporción.

4. O movemento.

III. O debuxo ou linguaxe gráfica.

1. O debuxo de representación.

IV. Representacións das diferentes manifestacións artísticas.

1. Criterio estético.

2. Lectura de imaxes.

3. Valoración estética do mundo da arte.

V. Técnicas e materiais.

1. Técnicas bidimensionais: debuxo, colaxe e estampación.

2. Técnicas tridimensionais: modelaxe e construcións.

3. Experimentación con diversos materiais e soportes de diferentes medidas e formatos.

4. Tecnoloxía e imaxe: fotografía con cámaras sinxelas, fotomontaxe, diapositiva e fotocopia.

Criterios de avaliación

1. Identificar, describir e representar con maior dominio a expresividade dos elementos básicos da linguaxe visual e a súa sintaxe.

2. Identificar e valorar as manifestacións artísticas que nos rodean e as dos medios de comunicación visual.

3. Realizar composicións plásticas figurativas e abstractas que se apoién en distintos criterios.

4. Utiliza-lo debuxo nas súas diferentes funcións.

5. Recoñecer e diferencia-la expresividade de diversos materiais e soportes e saber manexar técnicas e instrumentos con certa precisión.

6. Identificar e valorar estética e criticamente imaxes da arte, a publicidade, o deseño, manifestacións culturais propias e doutras culturas como forma de identidade delas.

7. Utilizar técnicas audiovisuais sinxelas para a creación plástica.

8. Realizar lectura de imaxes nun nivel básico, baseándose na experiencia persoal, no aspecto formal e no contexto histórico, e utilizar un vocabulario adecuado.

9. Respetar e valorar-lo traballo individual e en grupo.

10. Saber planificar e organiza-lo traballo e coida-lo material e o espazo de uso.

Terceiro ciclo

Contidos

I. Elementos que configuran a linguaxe visual.

1. As pegadas gráficas: punto, liña e mancha. Liña e contorno. Estructuras lineais do medio natural e artificial. Aplicacións á representación do que nos rodea.

2. A cor. A relación da luz e a cor. A escala cromática. Características da cor. Simbología da cor.

3. A textura. Texturas táctiles e visuais, naturais e artificiais. A súa integración coa luz, a cor e a forma.

4. A forma. Representación de repertorios formais complexos.

5. O volume. A luz e o volume. Calidades expresivas.

II. Composicións plásticas.

1. A composición abstracta.

2. A perspectiva visual, representación directa da realidade.

III. O debuxo ou linguaxe gráfica.

1. Iniciación ó deseño: debuxo de ideación.

IV. Apreciación das diferentes manifestacións artísticas.

1. Criterio estético nos artistas máis relevantes da historia.

2. Lectura e observación de obxectos e imaxes de distintas culturas.

3. Valoración estética nos medios de comunicación.

V. Técnicas e materiais.

1. Técnicas bidimensionais: debuxo, pintura, colaxe, frotage e estampación.

2. Técnicas tridimensionais: modelaxe, entalla, ensamblaxes e construcións.

3. Experimentación con diversos materiais e soportes de diferentes medidas e formatos.

4. Tecnoloxía e imaxe: fotografía, fotomontaxe, diapositiva, fotocopia, vídeo e ordenador.

5. Escolla e uso correcto dos materiais e os soportes.

Criterios de avaliación

1. Identificar, describir e representa-lo que nos rodea, utilizando selectivamente a expresividade dos elementos básicos da linguaxe visual e a súa sintaxe, sendo capaz de explica-las súas decisións cun vocabulario adecuado.

2. Utiliza-lo debuxo nas súas diferentes funcións empregando diversas técnicas.

3. Identificar, valorar e ter unha consciencia crítica das imaxes e dos obxectos e comprende-os propósitos das artes visuais da nosa e doutras culturas a través dos significados sociais que posúen.

4. Suxerir significados, contar historias e realizar afirmacións nas súas propias obras creativas.

5. Levar a cabo un proxecto artístico de forma individual ou en equipo, investigando camiños diferentes e sabendo planificar e organiza-lo proxecto.

6. Distingui-los aspectos comúns e diferentes entre os procesos creativos que se realizan en clase e os dos artistas e profesionais do mundo da imaxe.

7. Manexar adecuadamente as tecnoloxías da información e a comunicación como medio de información, investigación e creación de actividades sinxelas.

8. Seleccionar e utiliza-los materiais, utensilios e soportes adecuados.

Educación primaria

EDUCACIÓN FÍSICA

Introducción

A sociedade actual suscita a necesidade de incorporar á educación aqueles coñecementos, destrezas e capa-

ciudades relacionados co corpo e a súa actividade motriz que contribúen ó desenvolvemento integral da persoa e á mellora da súa calidade de vida. Existe unha demanda social de educación no coidado do corpo e da saúde, na mellora da imaxe corporal e a forma física, así como na utilización constructiva do lecer mediante actividades recreativas e deportivas.

A área de educación física orientase cara ó aprofundamento no coñecemento da conducta motriz e o fomento de actitudes e valores en relación co corpo. A área de educación física, como as restantes, contribúe ó logro dos diversos fins educativos da educación primaria.

O corpo e o movemento constitúense en eixes básicos da acción educativa nesta área, e hai que destacar tamén o papel da saúde e o xogo, este último fundamental na educación primaria como recurso metodolóxico.

A área de educación física pode contribuír de forma fundamental á consecución do obxectivo «coñece-lo valor do propio corpo, o da hixiene e a saúde e a práctica do deporte como medios máis idóneos para o desenvolvemento persoal e social». Contribúe tamén á consecución daqueles obxectivos que fan referencia ás normas e valores de convivencia, respecto polos demais, desenvolvemento de hábitos de esforzo, desenvolvemento da iniciativa individual e traballo en equipo.

As actividades nesta etapa terán un carácter eminentemente recreativo. Neste sentido, a área de educación física ofrécese como alternativa fronte ó sedentarismo da actividade cotiá en xeral. Intégrase o uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación para establecer relacións con alumnos doutros centros, compartir experiencias motrices e planificar outras novas.

O ensino da educación física debe promover e facilitar que cada alumno chegue a comprender-lo seu propio corpo e as súas posibilidades e a coñecer e dominar un número significativo de exercicios corporais e actividades deportivas de modo que, no futuro, poida escoller-las máis convenientes para o seu desenvolvemento persoal.

A área de educación física debe contribuír á formación de valores tales como a capacidade de relacionarse cos demais respectándoos, a resolución de conflitos mediante o diálogo e o respecto polas regras establecidas, evitando comportamentos agresivos e de rivalidade, a colaboración e o traballo en equipo e a formación de persoas responsables.

A área de educación física débese integrar nas restantes áreas e configurar un espazo singular de interdisciplinariedade. Favorece a aprendizaxe da lectura mediante o desenvolvemento das nocións asociadas a relacións espaciais e temporais como o sentido e a dirección, a orientación espacial, nocións topolóxicas básicas e secuencia; todos estes constitúen aspectos fundamentais que influirán no adecuado desenvolvemento da lectoescritura.

Obxectivos

1. Coñecer e valora-lo propio corpo e as súas posibilidades motrices realizando de forma autónoma actividades físico-deportivas que esixan un nivel de esforzo, habilidade ou destreza acorde con elas, pondo a énfase no esforzo e no resultado.

2. Valora-lo xogo como un medio para realizar actividade física, como medio de gozo, de relación e como recurso para aproveitar-lo tempo libre.

3. Utilizar na resolución de problemas motrices as capacidades físicas básicas e as destrezas motrices, tendo en conta as posibilidades e limitacións. Desenvolve-la iniciativa individual e o hábito de traballo en equipo,

aceptando as normas e regras que previamente se establezan.

4. Coñecer e valora-los efectos beneficiosos e prexudiciais que a realización de actividades físicas ten sobre a saúde, así como a adquisición de hábitos de hixiene, alimentación e exercicio físico.

5. Colaborar en xogos e actividades deportivas, desenvolvendo actitudes de tolerancia e respecto polas posibilidades e limitacións dos demais, actitudes que favorecen a convivencia e que contribúen á resolución de conflitos de forma pacífica.

6. Realizar actividades no medio natural de forma creativa e responsable, coñecendo o valor da natureza e a importancia de contribuír á súa protección e mellora.

7. Utilizar de forma creativa e autónoma os recursos expresivos do corpo e do movemento, valorando e realizando distintos tipos de actividades expresivas.

8. Fomenta-la comprensión lectora como medio de procura e troca de información e comprensión das normas do xogo.

9. Utiliza-las tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.

Primeiro ciclo

Contidos

I. O corpo e a saúde.

1. Utilización, percepción, identificación e representación do propio corpo.

2. Afirmación da lateralidade corporal.

3. As posibilidades corporais: sensoriais (vista, oído, tacto), expresivas (xestos, estruturas rítmicas sinxelas) e motrices.

4. Apreciación de dimensións espaciais e temporais.

5. Equilibrio estático e dinámico: sen obxectos, sobre obxectos estables ou inestables, levando un obxecto en situacións simples.

6. Coordinación dinámica xeral e segmentaria.

7. Orientación no espazo e no tempo.

8. Valoración da propia realidade corporal aumentando a confianza nas posibilidades propias, na autoestima e na autonomía persoal.

9. Interese e gusto polo coidado do corpo.

10. Actitude positiva relacionada cunha adecuada alimentación.

II. Movemento e saúde.

1. Formas e posibilidades do movemento.

2. Control e dominio do movemento.

3. Destreza no manexo de obxectos e na manipulación de instrumentos habituais na vida cotiá e nas actividades de aprendizaxe escolar.

4. Desenvolvemento e control da motricidade fina e a coordinación a través do uso das tecnoloxías da información e a comunicación.

5. Preparación e realización dalgunha actividade fóra do recinto escolar, aprendendo a coñecer, valorar, gozar e respecta-lo medio natural.

6. Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións habituais.

7. Valoración do esforzo para lograr unha maior autonomía e autoestima.

8. Exploración e experimentación das posibilidades e recursos expresivos do propio corpo.

9. Valoración dos recursos expresivos propios e os dos compañeiros.

10. Mellora da espontaneidade e da creatividade no movemento expresivo.

11. Medidas básicas de seguraza e de prevención de accidentes na actividade física e no uso de materiais e espazos.

12. Adopción de hábitos de hixiene corporal e postural.

III. Os xogos.

1. Xogo libre e xogo organizado.

2. Práctica de xogos nos que se utilicen as habilidades básicas.

3. Actitude de colaboración, tolerancia, non discriminación e resolución de conflitos de forma pacífica na realización de xogos.

4. Valoración do xogo como desenvolvemento da actividade física, como medio de gozo, de relación e de emprego do tempo libre.

Criterios de avaliación

1. Recoñece-las partes do propio corpo e do dos demais.

2. Adquirir-las nocións espaciais e temporais.

3. Desenvolver de forma global as habilidades motrices básicas.

4. Identifica-los valores fundamentais dos xogos.

5. Utilizar estratexias sinxelas nos xogos.

6. Respecta-las normas dos xogos, aceptando gañar ou perder.

7. Coñecer e emprega-las medidas de seguraza básicas na actividade física.

8. Mostrar interese, espontaneidade e creatividade nas actividades de expresión corporal.

9. Acepta-las diferencias físicas individuais nas actividades propostas.

10. Manter hábitos de saúde e hixiene na actividade física.

11. Utiliza-las tecnoloxías da información e a comunicación como recurso da área.

Segundo ciclo

Contidos

I. O corpo e a saúde.

1. Percepción e interiorización da independencia e relación existente entre os segmentos corporais.

2. Relacións espaciais e temporais.

3. Coordinación dinámica xeral e segmentaria.

4. Orientación espacial en relación a un mesmo, ós demais e ós obxectos orientados.

5. Mellora da orientación espacial e a lateralidade a través do uso das tecnoloxías da información e a comunicación.

6. Percepción e estruturación do espazo en relación co tempo.

7. Valoración da propia realidade corporal aumentando a confianza nas propias posibilidades, autonomía e autoestima.

8. Interese e gusto polo coidado do corpo de maneira responsable.

9. Adopción de hábitos relacionados cunha boa alimentación.

II. Movemento e saúde.

1. Formas e posibilidades de movemento: calidade dos movementos xa coñecidos.

2. Control e dominio do movemento incidindo máis nos mecanismos de execución.

3. Destreza no manexo de obxectos e na manipulación de instrumentos habituais na vida cotiá e nos propios da área.

4. Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións habituais en medios descoñecidos.

5. Preparación e realización dalgunha actividade fóra do recinto escolar, aprendendo a coñecer, valorar, gozar e respecta-lo medio natural.

6. Valoración do esforzo como forma de aumentar-la autonomía persoal e a autoestima.

7. Exploración e experimentación das posibilidades e recursos expresivos do propio corpo, tendo en conta as súas partes, os sentidos, o ritmo e o espazo.

8. Valoración dos recursos expresivos dos compañeiros.

9. Mellora da espontaneidade e da creatividade no movemento expresivo.

10. Medidas básicas de seguraza e prevención de accidentes na actividade física e no uso de materiais e espazos.

11. Hábitos de hixiene corporal e postural.

12. Coñecemento da importancia da práctica do exercicio para o desenvolvemento físico.

III. Os xogos.

1. Tipos de xogos e de actividades deportivas.

2. Aplicación das habilidades básicas nas situacións de xogo.

3. Comprensión das normas do xogo a través da lectura.

4. Actitude de colaboración, tolerancia, non discriminación e resolución de conflitos de forma pacífica na realización dos xogos.

5. Valoración do xogo como desenvolvemento da actividade física, como medio de gozo, de relación cos demais e de emprego do tempo libre.

6. Aceptación dentro do equipo do papel que lle corresponde a un como xogador e da necesidade de trocar papeis para todos experimentaren diferentes responsabilidades.

Criterios de avaliación

1. Tomar consciencia da mobilidade do eixe corporal en diferentes posicións e dos diferentes segmentos.

2. Consolida-las nocións espaciais e temporais.

3. Consolida-lo desenvolvemento global das habilidades motrices básicas.

4. Resolver problemas motores mediante o coñecemento e uso de sinxelas estratexias.

5. Utiliza-las capacidades físicas básicas e destrezas motrices nas diferentes situacións de actividade física.

6. Vivi-lo xogo como medio de gozo, relación e emprego do tempo libre.

7. Coñece-los posibles riscos que derivan da práctica da actividade física.

8. Mante-los hábitos de saúde e hixiene na actividade física.

9. Adapta-las habilidades motrices a medios non habituais.

10. Desenvolve-la espontaneidade e creatividade no movemento.

11. Acepta-las diferencias físicas individuais nas actividades.

12. Comprende-las normas do xogo a través da lectura.

13. Utiliza-las tecnoloxías da información e a comunicación como recurso da área.

Terceiro ciclo

Contidos

I. O corpo e a saúde.

1. Utilización, representación, interiorización e organización do propio corpo: estruturación do esquema corporal.
2. Nocións asociadas a relacións espacio-temporais.
3. Coordinación dinámica xeral e segmentaria.
4. Percepción e estruturación do espazo en relación co tempo en situacións reais de xogo.
5. Acepta-la propia realidade corporal, as súas posibilidades e limitacións.
6. Actitude positiva cara ó coidado e desenvolvemento do corpo.
7. Consolidación dos hábitos adecuados de alimentación.

II. Movemento e saúde.

1. As capacidades físicas básicas como condicionantes das habilidades.
2. Control e dominio do movemento, incidindo nos mecanismos de decisión e de control.
3. Manipulación correcta e destreza no manexo de obxectos propios do medio escolar e extraescolar.
4. Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións novas ou en medios descoñecidos.
5. Adquisición dunha maior confianza e independencia motriz.
6. Exploración e experimentación das posibilidades e recursos expresivos do propio corpo a través da danza, a mímica e a dramatización.
7. Mellora da espontaneidade e creatividade no movemento expresivo.
8. Desenvolvemento da capacidade de cooperación e traballo en grupo.
9. Valoración da iniciativa individual.
10. Valoración dos recursos expresivos propios e dos compañeiros.
11. Efectos da actividade física na saúde e no mantemento corporal.
12. Medidas básicas de seguranza e de prevención de accidentes na actividade física e no uso de materiais e espazos.
13. Quecemento global específico e relaxación específica e global.
14. Autonomía nos hábitos de hixiene corporal e postural.
15. Valoración das situacións de risco que derivan da actividade física.
16. Valoración da actividade física como alternativa ós hábitos nocivos para a saúde.

III. Os xogos.

1. A iniciación ó deporte adaptado ó espazo, ó tempo e ós recursos.
2. Habilidades básicas de iniciación deportiva en situacións de xogo.
3. Comprensión das normas dos xogos deportivos a través da lectura.
4. Uso das tecnoloxías da información e a comunicación como medio para obter información e elaborar documentos relativos á área.
5. Respecto polo regulamento dos xogos de iniciación deportiva e adaptados.

6. Aceptación do papel que corresponda desempeñar como xogador dentro do equipo, independentemente da capacidade motriz.

7. Organización e participación en diferentes tipos de xogos e actividades recreativas ou deportivas no tempo libre.

8. Identificación dos valores fundamentais do xogo: o esforzo persoal, a relación cos demais e a aceptación do resultado.

Criterios de avaliación

1. Coñecer e identificar os sistemas básicos do corpo humano relacionados coa actividade física.
2. Progresar no desenvolvemento das capacidades motrices básicas incidindo nos mecanismos de percepción, decisión e control.
3. Mellorar de forma global a condición física.
4. Adaptar e utilizar as habilidades motrices básicas para a iniciación deportiva.
5. Desenvolver normas e hábitos de conducta deportiva.
6. Progresar na resolución de problemas motores mediante o coñecemento e uso de estratexias.
7. Apreciar e valorar-lo xogo como medio de gozo, de relación social e de organización do tempo libre.
8. Recoñecer e previr os posibles riscos derivados da práctica da actividade física e dos deportes.
9. Consolida-los hábitos de saúde e hixiene na actividade física.
10. Recoñece-los efectos do exercicio físico sobre o corpo e a saúde.
11. Utiliza-los habilidades motrices para resolver problemas en medios non habituais.
12. Utilizar de maneira creativa o movemento corporal a través da expresión e o ritmo.
13. Acepta-los diferenzas físicas individuais nas actividades deportivas.
14. Recoller información e elaborar documentos a través das tecnoloxías da información e a comunicación.
15. Comprender a través da lectura as normas dos xogos deportivos.

Educación primaria

LINGUA CASTELÁ

Introducción

A lingua é o principal vehículo de comunicación dos seres humanos; con ela expresamos conceptos, pero tamén vivencias, estados anímicos, desexos; a través dela ofrécensenos e ofrecemos todo tipo de mensaxes. A lingua é indisociable da personalidade. Estructura e configura o pensamento e a intelixencia.

O mestre debe ser consciente da transcendencia que ten a aprendizaxe da lingua por parte dos alumnos desde a infancia: un neno debe ser persuadido moi cedo dos enormes beneficios que o dominio da súa lingua lle vai producir no futuro: unha persoa enriquecese tanto máis intelctualmente canto mellor domina a lingua en que se expresa, pois gracias a ese dominio será capaz de establecer comunicacións fluídas cos demais; de entender non soamente o sentido máis evidente das mensaxes transmitidas polos medios de comunicación, senón tamén de identificar matices e interpretacións, será capaz de descubrir sofismas, enganos, adulteración de ideas. Na medida en que un ser humano domine a súa lingua será máis libre e poderá decidir mellor por si mesmo ante as alternativas da súa propia vida. Ademais, quen fala ben terá, con certeza, maiores oportunidades

de éxito no mundo profesional. Quen posúe un vocabulario rico, matizado, que vocaliza correctamente e que é capaz de empregarla entoación adecuada en función das situacións de fala concretas; quen escribe de forma ordenada, con corrección ortográfica e con pulcritude, proxectará sempre unha imaxe positiva de si mesmo ante os demais.

O ensino e a aprendizaxe da lingua materna débese revestir ante o alumno dun interese e unha importancia especiais. Se algunha disciplina escolar debe resultar especialmente atractiva para o neno, esa é a lingua.

Os alumnos que cursan a educación primaria deberán ir mellorando pouco a pouco na redacción de textos breves, coherentes e ben organizados. Para conseguilo, o alumno deberá escribir moito, máis sempre sobre aspectos que lle interesen ou o inquieten. É importante, desde o punto de vista didáctico, facer que o alumno reproduza por escrito algún conto ou historia que o profesor narrase previamente. Os dictados son un medio excelente para o alumno adecua-los sons, as sílabas e as palabras á escritura. Respecto á lectura, é fundamental que os alumnos deste nivel aprendan a relaciona-los distintos tipos de pausas coas inflexións tonais correspondentes.

Os alumnos deberán ser capaces de contar oralmente ós seus compañeiros e ó mestre as súas ocupacións, preocupacións e fantasías. Non se trata de que estes alumnos adquiren xa un dominio importante da oratoria, pero si de que comezan a tomar consciencia da importancia de expresaren oralmente as súas ideas e as súas vivencias con clarezza e persuasión.

Ademais, o alumno debe aumentar substancialmente a súa riqueza léxica neste nivel tanto na súa variedade activa como na pasiva. O dicionario debe ser na educación primaria unha ferramenta imprescindible.

En relación coa gramática, será a morfoloxía o elemento fundamental da aprendizaxe neste nivel, xa que non é aconsellable na educación primaria a reflexión sintáctica, salvo a referida a nocións básicas como as de oración, suxeito e predicado e a concordancia correspondente.

Obxectivos

1. Participar en diversas situacións de comunicación, respectando os sentimentos, ideas, opinións e coñecementos dos demais, e adoptando as regras básicas da comunicación oral.

2. Expresarse oralmente con corrección e coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.

3. Comprender mensaxes orais e analízalas con sentido crítico.

4. Amplia-lo vocabulario para lograr unha expresión precisa utilizando o dicionario como recurso básico.

5. Comprender de forma analítica e crítica as mensaxes verbais e non verbais e expresarse a través delas.

6. Coñece-la diversidade lingüística de España.

7. Ler con fluidez e entoación adecuadas, comprendendo distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para amplia-lo vocabulario e fixa-la ortografía correcta.

8. Aprecia-lo valor dos textos literarios, utiliza-la lectura como fonte de gozo e información e considerala como un medio de aprendizaxe e enriquecemento persoal de máxima importancia.

9. Expresarse por escrito con corrección, coidando a estrutura do texto, os aspectos normativos, a caligrafía, a orde e a limpeza.

10. Utiliza-las destrezas básicas da lingua (escoitar, falar, ler e escribir) como instrumentos de aprendizaxe para recoller datos, comprender, elaborar e memorizar

conceptos en tódalas áreas, e expresalos con iniciativa, responsabilidade e esforzo.

11. Utiliza-las tecnoloxías da información e a comunicación como instrumentos de traballo e aprendizaxe.

12. Buscar unha mellora progresiva no uso da lingua, explorando camiños que desenvolvan a sensibilidade, a creatividade e a estética.

13. Favorecer a través da linguaxe a formación dun pensamento crítico que impida discriminacións e prexuízos.

Primeiro ciclo

Contidos

I. Comunicación oral.

1. Situacións de interacción comunicativa, espontáneas ou dirixidas, seguindo unha orde espacial, cronolóxica ou lóxica no discurso, en grandes ou pequenos grupos.

2. Estratexias e normas para a comunicación. Participación. Mantemento do tema da conversa. Escolta. Respecto pola vez para falar. Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais. Repetición das mensaxes. Pronuncia e entoación adecuadas. Ollada cara ó interlocutor.

3. Producción de textos orais: narración de situacións ou experiencias persoais. Textos populares. Descricións sinxelas de persoas, animais e obxectos. Enumeracións. Solicitar e dar información. Fórmulas de cortesía e relación social. Informacións breves. Breves exposicións en público.

4. Creación de textos en prosa e en verso, con finalidade estética e lúdica.

5. Comprensión de textos orais: sentido global do texto. Identificación de informacións relevantes e irrelevantes. Ampliación do vocabulario.

6. Audición e reprodución de contos, poesías, trabalinguas, series, adiviñas, cantigas.

7. Gusto e sensibilidade polos textos orais.

8. Memorización de textos orais ben seleccionados.

9. Dramatización de textos adaptados á idade. Gusto por participar.

10. Estratexias para utiliza-la linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar.

II. Lectura.

1. Correspondencia entre fonemas e grafías en contextos de lecturas significativas.

2. Lectura comprensiva en voz alta con entoación adecuada de textos breves.

3. Lectura comprensiva en silencio de textos breves.

4. Audición de textos sinxelos.

5. Memorización de textos breves.

6. Estratexias para a comprensión de textos: título. Ilustracións. Relectura. Anticipación de hipóteses. Aclaracións sobre o vocabulario. Sentido global do texto.

7. Hábito lector.

8. Identificación e crítica das mensaxes e valores transmitidos polo texto.

9. Utilización e gozo co uso da biblioteca e con respecto polas normas.

III. Expresión escrita.

1. Coñecemento e uso do sistema de lectoescritura.

2. Producción de textos breves para comunicar coñecementos, experiencias ou necesidades: narracións. Notas.

3. Creación de textos utilizando a linguaxe verbal e non verbal con intención informativa: cartel e murais.

4. Normas e estratexias para a produción de textos: planificación, función, destinatario, estrutura. Revisión e reescritura. Ortografía natural. Interrogación e exclamación. Caligrafía. Orde e limpeza.

IV. Reflexión sobre a lingua.

1. A palabra. A palabra como unidade básica con significado. A palabra dentro da oración. Concordancia de xénero e número. Recoñecemento das sílabas dentro da palabra.

2. Vocabulario. Campos semánticos. Familias de palabras. Sinónimos e antónimos.

3. Abecedario e iniciación á orde alfabética.

4. Ortografía. Ortografía natural. Separación de palabras na frase. Uso de maiúsculas. Ortografía preventiva das palabras de uso frecuente. Interese por unha ortografía correcta. Preocupación por consultar palabras de ortografía difícil.

5. Distinción dos tempos verbais: presente, pasado e futuro.

V. Tecnoloxía da comunicación.

1. Iniciación no uso das tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento de aprendizaxe en tarefas sinxelas.

2. Utilización de programas educativos sinxelos en relación con contidos secuenciados.

3. Interese polo emprego das tecnoloxías da información e a comunicación.

Criterios de avaliación

1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, cos compañeiros e o profesor, respectando as normas da comunicación: gardar vez para falar, escoitar, mirar para o interlocutor, manter o tema.

2. Expresarse de forma oral con vocabulario adecuado, pronuncia correcta e orde nas ideas.

3. Comprende-lo sentido global dos textos orais, identificando a información máis relevante.

4. Memorizar e reproducir textos sinxelos.

5. Ler en voz alta textos sinxelos con corrección.

6. Ler en silencio textos sinxelos.

7. Coñece-la diversidade lingüística do seu medio.

8. Comprende-lo sentido global dos textos lidos, utilizando as estratexias de comprensión lectora.

9. Ler con frecuencia por propia iniciativa como fonte de pracer.

10. Producir textos breves e coherentes, respectando a ortografía, a caligrafía, a orde e a presentación.

11. Familiarizarse con programas informáticos educativos sinxelos.

Segundo ciclo

Contidos

I. Comunicación oral.

1. Situacións de interacción na comunicación espontánea ou dirixida, con distinta intención, respectando unha orde espacial, cronolóxica ou lóxica no discurso.

2. Estratexias e normas para a comunicación: participación. Exposición clara. Escoita. Respecto pola vez para falar. Compresión e expresión de mensaxes verbais

e non verbais. Entoación adecuada. Respecto polas experiencias, opinións e coñecementos dos demais.

3. Producción de textos orais: narración de situacións ou experiencias persoais. Textos populares. Descricións sinxelas de persoas, animais, obxectos e lugares. Introducción á definición de conceptos. Enumeracións. Entrevistas. Solicitar e dar información. Exposición de coñecementos. Fórmulas de cortesía e relación social. Informacións breves.

4. Creación de textos en prosa ou en verso.

5. Comprensión de textos orais narrativos, informativos e persuasivos: sentido global do texto. Ideas principais e secundarias. Ampliación do vocabulario. Análise das mensaxes e valores transmitidos polo texto. Dedución das palabras polo contexto. Recoñecemento de ideas non explícitas. Resumo oral.

6. Audición e reprodución de textos breves e sinxelos que estimulen a curiosidade, o interese e a imaxinación do alumno.

7. Memorización de textos orais ben seleccionados.

8. Dramatización de textos adaptados á idade e de producións propias.

9. Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar. Participar en enquisas e entrevistas. Comentario oral e xuízo persoal.

II. Lectura.

1. Correspondencia entre fonemas e grafías.

2. Lectura en voz alta de diferentes tipos de textos con fluidez e entoación adecuada.

3. Comprensión lectora en silencio de diferentes tipos de textos.

4. Audición de diferentes tipos de textos.

5. Memorización de textos.

6. Estratexias para a comprensión de textos: título. Ilustracións. Palabras chave. Capítulos. Relectura. Anticipación de hipóteses e comprobación. Síntese. Contexto. Dicionario. Sentido global do texto. Ideas principais e secundarias. Resumo.

7. Gusto pola lectura. Hábito lector.

8. Análise e crítica das mensaxes e valores transmitidos polo texto.

9. Uso da biblioteca, coñecemento da súa organización e respecto das normas.

III. Expresión escrita.

1. Uso do sistema de lectoescritura.

2. Producción de textos para comunicar coñecementos, experiencias ou necesidades: narracións, descricións, diálogos, entrevistas.

3. Creación de textos utilizando a linguaxe verbal e non verbal, con intención informativa e persuasiva: cartel publicitario. Banda deseñada.

4. Normas e estratexias para a produción de textos: planificación (función, destinatario, estrutura). Revisión e mellora do texto. Valoración e uso das normas ortográficas básicas. Uso básico dos signos de puntuación. Acentuación das palabras de uso máis frecuente (palabras agudas, graves e esdrúxulas). Caligrafía. Orde e limpeza. Dictados.

IV. Reflexión sobre a lingua.

1. A oración como unidade con significado: suxeito, predicado.

2. Clases de palabras: nome, verbo, adxectivo cualificativo, artigo, pronomes persoais.

3. Concordancia de xénero e número.

4. Clases de nomes: propios, comúns, individuais, colectivos e xentilicios.

5. A sílaba: tónica e átona. Palabras tónicas e palabras átonas.

6. Vocabulario: campos semánticos. Familias de palabras. Sinónimos e antónimos. Aumentativos e diminutivos. Palabras simples e compostas, primitivas e derivadas. Ordenación alfabética de palabras. Uso do dicionario.

7. Ortografía: regras ortográficas para as palabras de uso frecuente. Regras de acentuación (agudas, graves e esdrúxulas). Principais signos de puntuación. Interese por unha ortografía correcta. Preocupación por consultar palabras de ortografía difícil.

8. Conxugación dos tempos verbais: presente, pasado e futuro de indicativo.

V. Tecnoloxía da comunicación.

1. Utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento de aprendizaxe.

2. Utilización de programas educativos.

3. Interese polo emprego das tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento de traballo, utilizando a linguaxe de forma correcta.

Criterios de avaliación

1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: gardar vez para falar, escoitar, expor con clarezza, entoar adecuadamente.

2. Expresarse de forma oral, utilizando diferentes funcións de comunicación, vocabulario, entoación e ritmo adecuados, e estrutura narrativa coherente.

3. Comprende-lo sentido global dos textos orais, recoñecendo as ideas principais e secundarias.

4. Memorizar e reproducir textos.

5. Coñece-la diversidade lingüística de España.

6. Ler en voz alta diferentes textos con fluidez e entoación adecuada.

7. Ler en silencio diferentes textos valorando o progreso na velocidade e a comprensión.

8. Resumir un texto sinxelo, captando o sentido global e as ideas principais e secundarias.

9. Ler con frecuencia e por propia iniciativa diferentes textos.

10. Utilizar textos sinxelos, recoller información e realizar traballos.

11. Producir textos cunha estrutura coherente, aplicando as normas ortográficas básicas e cuidando a caligrafía, a orde e a presentación.

12. Utiliza-la escritura para planifica-los traballos, obter información, facer resumos.

13. Utilizar programas educativos informáticos para a elaboración e presentación de textos.

Terceiro ciclo

Contidos

I. Comunicación oral.

1. Situacións de comunicación espontáneas ou dirixidas utilizando un discurso ordenado e coherente.

2. Estratexias e normas para o intercambio comunicativo: participación. Exposición clara. Organización do discurso. Escoita. Respecto pola vez para falar. Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais. Entoación adecuada. Respecto polas sensacións, experiencias, ideas, opinións e coñecementos dos demais.

3. Producción de textos orais: narración de situacións ou experiencias persoais. Contos populares. Des-

cricións sinxelas. Entrevistas. Argumentacións. Exposicións de coñecementos e opinións. Fórmulas de cortesía.

4. Creación de textos en prosa ou en verso.

5. Comprensión de textos orais narrativos, descritivos, informativos e persuasivos: sentido global do texto. Ideas principais e secundarias. Ampliación do vocabulario. Valoración dos contidos transmitidos polo texto. Dedución das palabras polo contexto. Recoñecemento de ideas non explícitas. Resumo oral.

6. Audición e reprodución de textos breves, sinxelos e que estimulen o interese do neno.

7. Dramatizacións de textos literarios adaptados á idade e de producións propias.

8. Estratexias para utiliza-la linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar. Participar en enquisas e entrevistas. Comentario oral e xuízo persoal.

II. Lectura.

1. Correspondencia entre fonemas e grafías.

2. Comprensión lectora de textos lidos en voz alta.

3. Comprensión lectora de textos lidos en silencio.

4. Audición de diferentes tipos de textos.

5. Memorización de textos.

6. Estratexias para a comprensión de textos: título. Ilustracións. Palabras chave. Capítulos. Relectura. Anticipación de hipóteses e comprobación. Síntese. Estructura do texto. Tipos de textos. Contexto. Dicionario. Sentido global do texto. Ideas principais e secundarias. Resumo.

7. Hábito lector.

8. Crítica das mensaxes e valores transmitidos por un texto sinxelo.

9. Uso da biblioteca, procura de información e aprendizaxe.

III. Expresión escrita.

1. Consolidación do sistema de lectoescritura.

2. Producción de textos para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades: narracións, descrições, textos expositivos, poemas, diálogos, entrevistas e enquisas.

3. Creación de textos utilizando a linguaxe verbal e non verbal con intención informativa: carteis publicitarios. Anuncios. Banda deseñada.

4. Normas e estratexias para a produción de textos: planificación (función, destinatario, estrutura...). Revisión e mellora do texto. Aplicación das normas ortográficas e signos de puntuación. Acentuación (monosílabos, hiatos, interrogativos). Caligrafía. Orde e presentación. Dictados. Reproducir historias ou contos narrados polo profesor.

IV. Reflexión sobre a lingua.

1. A oración simple: suxeito e predicado.

2. Clases de palabras: nome. Verbo. Adxectivo. Preposición. Adverbio. Conxunción. Pronomes. Artigos. Interxeccións.

3. Clases de nomes: individuais, colectivos, concretos e abstractos.

4. Conxugación dos verbos regulares e irregulares máis frecuentes.

5. A sílaba. Ditongos e hiatos.

6. Vocabulario: homónimos e palabras polisémicas. Aumentativos e diminutivos. Arcaísmos, neoloxismos e estranxeirismos. Frases feitas.

7. Uso eficaz do dicionario.

8. Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía. Regras de acentuación. Signos de puntuación.

9. Conxugación do modo indicativo e subxuntivo dos verbos regulares e irregulares máis frecuentes.

V. Tecnoloxía da comunicación.

1. Utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento de aprendizaxe.
2. Utilización de programas educativos.
3. Procura de información na internet.
4. Interese polo emprego das tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento de traballo, utilizando a linguaxe de forma correcta.
5. Escribir correos electrónicos de forma correcta.

Criterios de avaliación

1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: garda-la vez para falar, organiza-lo discurso, escoitar e incorpora-las intervencións dos demais.
2. Expresarse de forma oral utilizando diferentes funcións comunicativas, con vocabulario preciso e estrutura coherente.
3. Comprende-lo sentido global dos textos orais, recoñecendo as ideas principais e secundarias e identificando ideas ou valores non explícitos.
4. Memorizar e reproducir textos.
5. Coñece-la diversidade lingüística de España e valorala.
6. Ler en voz alta diferentes textos con fluidez e entoación adecuada.
7. Ler en silencio diferentes textos valorando o progreso na velocidade e a comprensión.
8. Resumir un texto lido reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais e secundarias.
9. Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos.
10. Utilizar textos científicos en diferentes soportes para recoller información, ampliar coñecementos e aplicalos en traballos persoais.
11. Producir textos con diferentes intencións comunicativas con coherencia, respectando a súa estrutura e aplicando as regras ortográficas, coidando a caligrafía, a orde e a presentación.
12. Utiliza-la escritura para planificar traballos, recoller información, facer resumos e elaborar esquemas.
13. Utilizar programas educativos informáticos como instrumento de aprendizaxe.

Educación primaria

LINGUA ESTRANXEIRA

Introducción

Razóns de tipo educativo, cultural e social demandan a iniciación na aprendizaxe das linguas estranxeiras nas primeiras idades, o que permitirá ó alumnado acceder a novos modos de expresión que contribuirán ó seu desenvolvemento integral e a coñecer mellor a súa propia lingua. A comunicación a través dunha lingua estranxeira constitúe un vehículo de entendemento cultural que favorece a comprensión de costumes e formas de vida diferentes, a tolerancia e o respecto entre os países e os seus falantes.

O Consello de Europa indica que o obxectivo último da aprendizaxe dunha lingua estranxeira é que os alumnos atinxan progresivamente graos de competencia lingüística. Así pois, o tratamento da lingua estranxeira no nivel da educación primaria dotará o alumno de coñecementos que terán continuidade na educación secundaria obrigatoria. O ensino-aprendizaxe da lingua estranxeira é un proceso moi complexo no que interveñen factores cognitivos, afectivos e sociais que determinan o seu desenvolvemento. Por tanto, teranse como

referencia modelos de carácter cognitivo e sociocultural que favorezan a aprendizaxe.

Os contidos organizaranse arredor de dous eixes: I) Habilidades comunicativas e usos da lingua; II) Aspectos socioculturais. No primeiro inclúense as destrezas lingüísticas e comunicativas. No segundo introdúcense aspectos sociais e culturais tales como costumes, tradicións, formas de organización e de relación persoal e social, e tamén se favorece o esforzo e a confianza na propia capacidade para aprende-la lingua estranxeira. As tecnoloxías da información e da comunicación serán vehículos que actuarán como mediadores na aprendizaxe.

As recomendacións europeas aconsellan primar as destrezas orais no primeiro ciclo, deixando para este a lectura e a escritura de textos moi sinxelos. Nos ciclos seguintes as destrezas desenvolveranse gradualmente e de forma integrada, sensibilizando o alumno con algúns aspectos do funcionamento da lingua estranxeira. O desenvolvemento individual da aprendizaxe implicará distintas maneiras de procesa-la información e a adquisición de diferentes capacidades.

Obxectivos

1. Desenvolve-lo interese pola aprendizaxe dunha lingua estranxeira.
2. Comprender mensaxes orais en situacións habituais de comunicación e responder a elas.
3. Utilizar procedementos verbais e non verbais para comunicarse en situacións concretas.
4. Ler e obter información xeral e específica de textos breves e sinxelos.
5. Elaborar textos escritos sinxelos, comprensibles e breves.
6. Identificar e reproducir de forma intelixible e significativa aspectos da entoación, o ritmo, a pronuncia e a acentuación característicos da lingua estranxeira.
7. Aprecia-lo valor da lingua estranxeira como medio de comunicación, mostrando curiosidade e respecto polos seus falantes e pola súa cultura.
8. Usa-las tecnoloxías da información e a comunicación para desenvolver e reforza-la aprendizaxe.

Primeiro ciclo

Contidos

- I. Habilidades comunicativas e usos da lingua.
 - A. Habilidades comunicativas.
 1. Escoita atenta de textos moi breves e sinxelos.
 2. Respostas verbais e non verbais en contextos comunicativos.
 3. Lectura de palabras e frases moi sinxelas.
 4. Escritura de palabras e frases moi sinxelas.
 5. Asociación de grafía, significado e pronuncia de palabras en frases moi sinxelas.
 - B. Funcións e usos da lingua.
 1. Saudar e despedirse.
 2. Identificarse e presentarse.
 3. Identificar cores e obxectos. Expresar cantidade. Recoñecer tamaños.
 4. Expresar sentimentos, gustos e habilidades.
 5. Recoñecer características do tempo atmosférico.
 6. Responder a instrucións sinxelas e a preguntas para dar información sobre localización de obxectos, persoas e animais.

C. Temas e vocabulario.

Relacionados co mundo inmediato do alumno.

D. Fonética.

Significado global de aspectos sonoros, de ritmo, acentuación e entoación.

II. Aspectos socioculturais.

1. Curiosidade e interese por outra lingua e cultura distinta á propia.

2. Actitude aberta cara ás persoas que falan a lingua estranxeira.

3. Recoñecemento e uso de expresións e fórmulas básicas de relación social: saudar, despedirse, agradecer, pedir «por favor» en situacións de comunicación concretas.

4. Actitude positiva sobre a propia capacidade para aprender unha lingua estranxeira.

Criterios de avaliación

I. Habilidades comunicativas e usos da lingua.

1. Capta-lo sentido global e identificar elementos específicos en textos orais moi breves, sinxelos e contextualizados.

2. Mostrar comprensión, mediante respostas verbais e non verbais, de instrucións básicas dadas en situacións habituais na aula.

3. Participar en conversas orais moi sinxelas, relativas a situacións e temas familiares.

4. Ler e identificar palabras e frases moi sinxelas introducidas previamente, presentadas nun contexto e cun propósito determinado.

5. Escribir palabras a partir de modelos introducidos previamente e cun fin específico.

6. Recoñecer e reproducir de forma intelixible aspectos sonoros, de ritmo, acentuación e entoación da lingua estranxeira en mensaxes orais breves.

II. Aspectos socioculturais.

1. Mostrar interese por aspectos socioculturais próximos e moi concretos.

2. Usar de forma adecuada expresións básicas de relación social en situacións de comunicación orientada.

3. Mostrar confianza na propia capacidade para aprender unha lingua estranxeira.

Segundo ciclo

Contidos

I. Habilidades comunicativas e usos da lingua.

A. Habilidades comunicativas.

1. Entender textos breves para obter información global e específica.

2. Respostas verbais e non verbais a preguntas sinxelas.

3. Manifestar necesidades inmediatas na aula.

4. Lectura de mensaxes e textos breves para identificar información.

5. Escribir textos breves e sinxelos.

6. Relaciona-la grafía cos sons do alfabeto.

7. Recoñecer e usar aspectos sonoros, de ritmo, entoación e acentuación en textos orais.

B. Funcións e usos da lingua.

1. Dar e pedir información persoal.

2. Preguntar sobre persoas e identificalas.

3. Preguntar e expresar características físicas de persoas.

4. Expresa-lo que está a ocorrer no momento.

5. Expresar cantidade.

6. Expresar posesión.

7. Pedir e dar información sobre localización de persoas, animais ou cousas.

8. Describir lugares.

9. Falar sobre gustos.

10. Falar sobre habilidades.

11. Identificar e enumera-los días e os meses.

12. Preguntar e dici-la hora.

13. Falar de rutinas diarias.

14. Describir estados de ánimo.

15. Describi-lo tempo atmosférico.

C. Temas e vocabulario.

Relacionados cos intereses do alumnado.

D. Fonética.

Correspondencia entre os sons do alfabeto e a súa grafía.

Relación entre pronuncia e representación gráfica de vocabulario coñecido e usos da lingua.

Ritmo.

Entoación.

Acentuación.

II. Aspectos socioculturais.

1. Respecto polas persoas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente.

2. Valoración da nosa propia cultura.

3. Recoñecemento e uso de fórmulas e expresións básicas para a relación social (pedir cousas, pedir permiso, pedir axuda) en situacións de comunicación concretas.

4. Recoñecemento de similitudes e diferencias entre aspectos da vida cotiá nos países onde se fala a lingua estranxeira e os propios.

Criterios de avaliación

I. Habilidades comunicativas e usos da lingua.

1. Capta-lo sentido global e identificar información específica en textos orais breves e contextualizados, que versen sobre temas familiares e de interese para o alumno.

2. Mostrar comprensión de instrucións orais sinxelas mediante respostas tanto verbais como non verbais nunha situación concreta.

3. Participar en intercambios orais breves e contextualizados.

4. Ler e entende-lo sentido global e específico de textos breves e sinxelos que traten sobre temas coñecidos cun fin concreto.

5. Escribir textos curtos e sinxelos, cunha finalidade determinada e un formato establecido.

6. Reproduci-los sons do alfabeto e coñece-la súa grafía.

7. Usar de forma significativa aspectos sonoros, de ritmo, acentuación e entoación nun contexto determinado.

II. Aspectos socioculturais.

1. Mostrar actitudes de respecto e tolerancia polas persoas que se comunican noutra lingua e posúen unha cultura distinta á propia.

2. Usar de forma adecuada expresións e fórmulas básicas de relación social en situacións de comunicación concretas.

3. Utiliza-la lingua estranxeira como medio fundamental de comunicación na aula.
4. Identificar algúns aspectos da vida cotiá en países onde se fala a lingua estranxeira e contrastalos cos propios.

Terceiro ciclo

Contidos

- I. Habilidades comunicativas e usos da lingua.
 - A. Habilidades comunicativas.
 1. Comprensión de mensaxes orais variadas, producidas en distintas situacións de comunicación.
 2. Participación en intercambios orais para realizar actividades na aula.
 3. Lectura e comprensión de textos escritos variados.
 4. Redacción de textos escritos variados cunha finalidade concreta dentro dunha situación de comunicación determinada.
 5. Recoñecemento de regularidades, tanto no uso da lingua como en aspectos sonoros, que permitan facer xeneralizacións aplicables a outras situacións de comunicación.
 - B. Funcións e usos da lingua.
 1. Interrogar e responder sobre a procedencia das persoas, as súas profesións e lugares de traballo.
 2. Describir persoas, lugares e obxectos.
 3. Pedir e dar enderezos.
 4. Falar de procesos sinxelos de forma secuenciada, gustos, habilidades doutros, feitos do pasado.
 5. Preguntar e falar sobre pertenzas, datas, horas, hábitos, clima.
 6. Preguntar e falar sobre plans nun futuro inmediato.
 7. Formular e responder a suxestións.
 8. Facer comparacións.
 - C. Temas e vocabulario.

Relacionados cos intereses e experiencia do alumnado.
 - D. Fonética.

Pronuncia dalgúns fonemas de especial dificultade. Relación entre pronuncia e representación gráfica de vocabulario coñecido e usos da lingua.

Ritmo.
Entoación.
Acentuación.
- II. Aspectos socioculturais.
 1. Identificación de peculiaridades, costumes e tradicións dos países onde se fala a lingua estranxeira.
 2. Uso de fórmulas de interacción social en situacións de comunicación concretas.
 3. Ampliación dos usos da lingua estranxeira como medio de comunicación na aula.
 4. Interese por relacionarse con falantes da lingua estranxeira, establecendo contactos persoais a través dos medios que nos proporcionan as tecnoloxías.
 5. Valoración dos avances e dificultades do propio proceso de aprendizaxe.

Criterios de avaliación

- I. Habilidades comunicativas e usos da lingua.
 1. Anticipar e capta-lo sentido global e identificar informacións específicas en textos orais variados emitidos en distintas situacións de comunicación.

2. Saber manter conversas cotiás e familiares.
3. Interpretar e comprender textos diversos.
4. Elaborar textos escritos atendendo ó destinatario, ó tipo de texto e á finalidade.
5. Utilizar palabras con ritmo, entoación e pronuncia previamente coñecidos, co fin de mellora-la comunicación.

II. Aspectos socioculturais.

1. Identifica-las peculiaridades, costumes e tradicións de países onde se fala a lingua estranxeira.
2. Relacionarse con outras persoas usando as diferentes fórmulas de relación social en notas, cartas, mensaxes electrónicas, páxinas web.
3. Utiliza-la lingua estranxeira de forma apropiada para comunicarse na aula.
4. Participar activamente en procesos de autoavaliación, observación, debate e discusión que permitan a mellora continua na aprendizaxe da lingua estranxeira.

Educación primaria

MATEMÁTICAS

Introducción

O ensino das matemáticas ten a finalidade de desenvolver-la capacidade de razoamento e a facultade da abstracción. O seu rigor lóxico e os seus métodos aplicados ós distintos fenómenos e aspectos da realidade deben ir unidos neste nivel á observación e á experimentación para potencia-la aprendizaxe inductiva, en situacións próximas ó alumno.

A adquisición do coñecemento matemático vai paralela ó desenvolvemento do pensamento lóxico, e o eixe central arredor do cal xiran esta adquisición e desenvolvemento é a resolución de problemas. Ese coñecemento avanza mediante a comprensión dos conceptos, o estudo das propiedades e estruturas que os relacionan e o contido lóxico dos razoamentos que utiliza. Estes contidos estimulan, polo seu carácter formativo básico, tanto o desenvolvemento das capacidades, habilidades e destrezas do alumno como o seu mellor desenvolvemento noutras áreas de coñecemento.

Esperta-la curiosidade polas matemáticas, o interese e o esforzo por entendelas son os empeños fundamentais desta área. Resulta moi conveniente o recurso a figuras destacadas e relatos interesantes da historia das matemáticas. Descubri-las posibilidades da propia capacidade para entender, razoar e aplicar correctamente os coñecementos adquiridos son accións que, convertidas en hábito, facilitarán a capacidade do alumno para enfrontarse á detección e resolución de problemas nos distintos ámbitos nos que se deberá desenvolver.

O ensino das matemáticas atenderá á configuración cíclica dos contidos. A aprendizaxe de novos conceptos apoiarase sempre no repaso do aprendido con anterioridade. Este ensino basearase en actividades que utilicen a comprensión do cálculo, a medida, os conceptos espacio-temporais e a formulación de problemas de forma clara, precisa e sen ambigüidades.

A comprensión lectora supón a condición necesaria para a resolución de problemas. Así mesmo, deberanse formular ó neno dúbidas que estimulen o seu desexo de investigación e o motivo á comprensión dos conceptos e das súas relacións.

Finalmente, a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación será un recurso de apoio para a consolidación e ampliación dos coñecementos adquiridos.

Obxectivos

1. Desenvolve-lo interese e o esforzo pola aprendizaxe das matemáticas.
2. Utiliza-los números e as súas operacións, as magnitudes e a súa medida, como ferramentas para calcular, medir e interpretar correctamente relacións matemáticas en distintas situacións, de forma razoada.
3. Recoñecer formas xeométricas e relacións espaciais.
4. Resolver e desenvolver problemas matemáticos utilizando os procedementos adecuados de cálculo, medida, estimación e comprobación de resultados.
5. Empregar adecuadamente a linguaxe matemática para identificar relacións e conceptos aprendidos, comprender e nomear outros novos.
6. Fomenta-la utilización da linguaxe propia do campo científico con precisión, tanto das matemáticas como do conxunto das ciencias.
7. Aproveita-los recursos tecnolóxicos para o descubrimento, a exposición, o afondamento e a ampliación dos contidos matemáticos, e para relacionar estes contidos con outros das distintas áreas do currículo.
8. Representar e interpreta-la información de datos procedentes de diferentes fontes, de forma clara, precisa e ordenada.
9. Comprende-la necesidade da argumentación mediante razoamentos lóxicos no estudo das matemáticas.

Primeiro ciclo

Contidos

I. Aritmética e medida.

1. Os números naturais. Relacións de orde. O sistema de numeración decimal: cifras e valor posicional das cifras.
2. Operacións con números naturais: adición e subtracción. Estimación. Automatización das operacións. Concepto intuitivo de multiplicación. Iniciación ás táboas de multiplicar.
3. Magnitudes e a súa medida: lonxitude, capacidade, masa e tempo. Identificación e comparación de unidades principais no sistema métrico decimal. Instrumentos de medida convencionais e non convencionais.
4. Introducción ó sistema monetario.

II. Xeometría.

1. Localización elemental de obxectos no espacio.
2. Aproximación intuitiva ó concepto de espacio, plano, recta e punto.
3. Figuras e corpos xeométricos. Recoñecemento no medio. Elementos xeométricos básicos: lado, vértice, dominio interior, dominio exterior, fronteira.

III. Representación da información.

1. Recolla de datos. Utilización de estratexias persoais.
2. Interpretación de gráficas sinxelas relacionadas coa vida cotiá.

Criterios de avaliación

1. Ler, escribir e ordenar números naturais de ata tres cifras, indicando o valor posicional das súas cifras.
2. Coñecer e utiliza-las parellas de números a suma dos cales sexa un número menor ou igual a dez.

3. Calcular sumas e restas, comprobando o resultado obtido con estimación lóxica.

4. Coñece-los produtos dos factores que forman as táboas de multiplicar dos números: 1, 2, 5 e 10.

5. Calcular mentalmente o dobre dun número de dúas cifras significativas menores que cinco e a metade dun número de dúas cifras pares, distintas de cero. Ademais, realizar mentalmente cálculos de sumas e restas que non impliquen cambio de unidade no sistema de numeración decimal.

6. Resolver problemas da vida cotiá, de forma razoada, mediante a adición ou a subtracción.

7. Formular oralmente un enunciado da vida real e unha pregunta que se corresponda cunha suma ou resta de dous números calquera menores ou iguais a dez.

8. Identifica-los distintos tipos de moedas e billetes de curso legal.

9. Distinguir intuitivamente magnitudes e algunhas das unidades de medida convencionais que corresponden cunha magnitude: lonxitude (metro, centímetro); capacidade (litro); masa (quilogramo); tempo (ano, día, hora, minuto).

10. Expresar correctamente a localización dun obxecto no espacio.

11. Identificar figuras planas, en imaxes ofrecidas en distintos soportes, materiais e obxectos do seu medio recoñecendo os seus elementos básicos, así como o seu dominio interior, exterior e fronteira: triángulo, círculo, rectángulo, cadrado, circunferencia.

12. Identificar corpos xeométricos sinxelos.

13. Utilizar estratexias persoais de recolla de datos sinxelos proporcionados por distintos medios e representalos graficamente.

14. Obter información e comunicar oralmente a información obtida, a partir de gráficos sinxelos.

Segundo ciclo

Contidos

I. Aritmética e medida.

1. Os números naturais. Relacións de orde. O sistema de numeración decimal. Cifras. Valor posicional das cifras. Equivalencias.
2. Operacións con números naturais: adición, subtracción, multiplicación e división. Estimación. Automatización dos algoritmos.
3. Concepto de fracción. Iniciación ó número decimal.
4. Magnitudes e a súa medida: lonxitude, capacidade, masa, tempo e superficie. Unidades do sistema métrico Decimal e equivalencias. Instrumentos de medida.
5. Sistema monetario. Unidade principal. Múltiplos e submúltiplos da unidade principal. Equivalencias.

II. Xeometría.

1. Localización precisa de elementos no espacio. Interpretación de bosquexos e planos sinxelos.
2. Figuras xeométricas. Elementos básicos: lado, vértice, diagonal, ángulo, eixe de simetría. Clasificación de figuras xeométricas planas.
3. Corpos xeométricos. Elementos básicos de poliedros: caras, vértices, arestas.

III. Representación da información.

1. Recolla de datos. Construcción de táboas: frecuencia absoluta.
2. Realización e interpretación de gráficas sinxelas: pictogramas, diagramas de barras.

Criterios de avaliación

1. Ler, escribir e ordenar números naturais de ata seis cifras, indicando o valor posicional das súas cifras.
2. Calcular sumas, restas e multiplicacións, e dividir un número de ata seis cifras por outro número dunha cifra, comprobando o resultado obtido con estimación lóxica e aproximación matemática.
3. Realizar mentalmente cálculos sinxelos sobre as catro operacións.
4. Resolver problemas da vida cotiá mediante unha ou dúas operacións aritméticas e comprobar, de forma razoada, os resultados obtidos.
5. Formular un enunciado da vida real e unha pregunta que correspondan cunha suma, unha resta, unha multiplicación ou unha división sinxelas.
6. Utiliza-la calculadora para a estimación, aproximación e comprobación de resultados numéricos nas operacións matemáticas con números naturais.
7. Ler, escribir e representar fraccións que teñan como denominador un número menor que dez, así como ordenar fraccións de igual denominador.
8. Recoñecer se se pode ou non adquirir un artigo calquera, comparando o prezo ou non adquirir un artigo calquera, comparando o prezo que marca cunha cantidade de moedas de curso legal, lendo, escribindo e ordenando os números que marcan distintos prezos, con notación decimal ata as centésimas, se for necesario.
9. Elixir adecuadamente a unidade de medida, segundo a cantidade de magnitude que se mida, en situacións da vida real, establecendo equivalencias con números positivos entre a unidade elixida e outras unidades desa magnitude: lonxitude (quilómetro, metro, decímetro, centímetro); capacidade (litro, decilitro, centilitro); masa, (quilogramo e gramo); tempo (ano, mes, día, hora, minuto, segundo).
10. Situar e expresar correctamente a localización dun elemento nun bosquejo ou plano sinxelo.
11. Identificar figuras planas e corpos xeométricos, nomeando e recoñecendo os seus elementos básicos (ladros, vértices, caras, arestas, ángulos, diagonais e eixes de simetría).
12. Clasificar figuras planas e utiliza-la cuadrícula para expresa-la medida da superficie de cadrados, rectángulos e triángulos rectángulos.
13. Construír táboas sinxelas de recolla de datos, proporcionados desde distintos medios (prensa, libros, informáticos), recoñecendo e expresando a frecuencia absoluta deses datos.
14. Obter e comunicar información, de forma clara e ordenada, a partir do estudio e a representación de pictogramas e diagramas de barras sinxelos.

Terceiro ciclo

Contidos

I. Aritmética e medida.

1. Números naturais e as súas operacións: propiedades e relacións. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal. Estimación. Automatización dos algoritmos. Iniciación á potenciación. Iniciación á divisibilidade.
2. A numeración romana.
3. A fracción e o número decimal. Propiedades e operacións.

4. Magnitudes e a súa medida: lonxitude, capacidade, masa, tempo, superficie e volume. Unidades do sistema métrico decimal, equivalencias e relacións. Instrumentos de medida.

5. Sistema monetario. Utilidade e relacións matemáticas.

II. Xeometría.

1. Identificación precisa de conceptos e relacións no plano. Posicións de rectas e circunferencias. Rexión angular e ángulo. Simetrías.

2. Figuras planas: elementos, relacións e clasificación. Regularidades e simetrías. Perímetro e área.

3. Corpos xeométricos. Elementos, relacións e clasificación. Regularidades e simetrías.

III. Representación da información.

1. Recolla e clasificación de datos cualitativos e cuantitativos non agrupados. Construcción de táboas: frecuencia absoluta e relativa. Iniciación intuitiva ás medidas de centralización. Realización e interpretación de gráficos sinxelos: diagramas de barras, poligonais e sectoriais.

Criterios de avaliación

1. Ler, escribir e ordenar números naturais, indicando o valor posicional das súas cifras, e calcular sumas, restas, multiplicacións e divisións, comprobando o resultado obtido mediante a aplicación de propiedades numéricas e relacións fundamentais das operacións aritméticas.

2. Completar, segundo corresponda, expresións numéricas dadas, da forma: $(a + z = b; a - z = b; z - a = b; a \times z = b; a : z = b; z : a = b)$; onde a e b son números calquera menores ou iguais que mil.

3. Ler e escribir números naturais, de ata catro cifras, con números romanos.

4. Expresar en forma de potencia un produto de factores iguais, e viceversa, distinguindo base e expoñente.

5. Descompor en factores primos un número menor ou igual que mil, así como obter múltiplos e divisores dun número menor ou igual que cen.

6. Resolver problemas da vida cotiá, mediante o uso das operacións aritméticas con números naturais, comprobando os resultados de forma razoada. Formular enunciados da vida real e cuestións que correspondan cunha expresión matemática dada, da forma: $(a + b; a - b; a \times c; a : d)$, onde a, b, c e d sexan números naturais.

7. Utiliza-la calculadora para a estimación, aproximación e comprobación de resultados numéricos nas operacións matemáticas con números naturais e números decimais.

8. Ler, escribir, ordenar e operar con fraccións e números decimais, e resolver problemas sinxelos nos que se utilicen: a fracción, o número decimal, a relación entre eles, o arredondamento e o tanto por cento.

9. Resolver e formular distintas situacións problemáticas nas que se utilicen unidades e equivalencias do sistema métrico decimal (lonxitude, capacidade e masa) do sistema monetario e da magnitude tempo.

10. Clasificar, nomear, medir e transportar ángulos, así como identificar no plano posicións: de dúas rectas (paralelas, secantes, perpendiculares), de dúas circunferencias, e dunha recta e unha circunferencia, distinguindo na circunferencia: diámetro, raio, corda e arco.

11. Clasificar e describi-las diversas clases de polígonos.

12. Compor e descompor un polígono calquera no menor número de triángulos, cadrados ou rectángulos. Calcula-lo perímetro e a área de figuras planas.

13. Identificar e clasificar corpos xeométricos, nomeando e recoñecendo os seus elementos básicos, en imaxes ofrecidas en distintos soportes (papel, electrónicos, ...), materiais e obxectos do medio que rodea o alumno.

14. Construír táboas sinxelas de recolla de datos non agrupados, proporcionados desde distintos medios (prensa, libros, programas informáticos), para facilitala representación mediante diagramas de barras e sectoriais, e calcula-la media aritmética e a moda, interpretando correctamente os resultados.

Educación primaria

SOCIEDADE, CULTURA E RELIXIÓN

Introducción

A área de sociedade, cultura e relixión consta de dúas opcións: confesional e non confesional.

Dado que estas ensinanzas forman parte da programación escolar, o conxunto da área, na súa dobre vertente, confesional e non confesional, deberá proporcionar ó conxunto dos alumnos unha formación humanística o máis completa posible e garanti-la súa calidade formativa.

Deberá enmarca-la expresión relixiosa no seu contexto histórico e social e dotala dun sentido de evolución no tempo, incluída a dimensión biográfica dos fundadores das grandes relixións.

Así mesmo, incluírá a dimensión cultural e artística do feito relixioso, de maneira que o seu coñecemento contribúa, en todo caso, ó mellor achegamento dos alumnos ás distintas expresións culturais.

Finalmente, posibilitará a análise comparada dos contidos e liñas básicas das grandes relixións vixentes hoxe no mundo e a súa relación cunha orde política baseada nos dereitos fundamentais das persoas.

Dentro da área de sociedade, cultura e relixión, a súa opción non confesional entende o feito relixioso como un elemento da civilización, e as manifestacións e expresións históricas das distintas relixións como fenómenos que influíron en maior ou menor grao na configuración social e cultural dos pobos e na súa traxectoria histórica. En consecuencia, a opción non confesional da área de sociedade, cultura e relixión vén contribuir á formación humanística dos alumnos, que completan con ela os coñecementos adquiridos noutras áreas.

Con ese fin, a área de sociedade, cultura e relixión, na súa opción non confesional, encadrará o feito relixioso dentro das seguintes dimensións:

a) A dimensión histórica e cultural, que sitúa o coñecemento das relixións na súa realidade histórica concreta, coas súas proxeccións positivas e negativas tanto na configuración das sociedades nas que xorden e influen como nas relacións entre os pobos. Tamén teñen cabida aquí os condicionamentos e claves culturais que configuran as manifestacións da relixión, así como os condicionamentos relixiosos que influíron nos feitos políticos, sociais e culturais da civilización.

b) A dimensión humanística, que será desenvolvida mediante a combinación de tres tipos diferentes de factores relativos ás relixións: primeiro, as raíces relixiosas de moitas estruturas, costumes e usos sociais da actualidade; segundo, as diferencias entre os códigos de con-

ducta individual e de relación que sustentan as distintas relixións, derivadas das súas respectivas concepcións do mundo, e terceiro, a importancia determinante da liberdade das consciencias e da liberdade relixiosa como elementos esenciais dun sistema político de liberdade e convivencia.

c) A dimensión científica, consistente na consideración dos feitos relixiosos á luz da metodoloxía da historia e das ciencias sociais e da natureza para distinguir con claridade o que corresponde a estas e é propio da dimensión especificamente relixiosa.

d) A dimensión moral, resultado da análise dos diferentes sistemas morais propios de cada relixión e do estudo das diversas posturas que as distintas relixións manteñen respecto dos grandes problemas actuais da humanidade.

Por outra parte, débese lembrar que as relixións máis importantes transmiten a súa tradición e contidos en fontes escritas de alto valor literario, polo que a lectura dos documentos que conteñen lendas, narracións, discursos doutrinarios ou poesía relixiosa deberá contribuír ó fin buscado na totalidade da programación educativa, que é o de estimular o interese do alumno pola lectura, o seu nivel de información e a súa capacidade de comprensión de diferentes realidades. Así mesmo, as representacións que as distintas culturas realizaron da relixión, como as imaxes, símbolos e rituais de cada sistema relixioso, deberá estimular tamén o exercicio de valoración estética das manifestacións artísticas do relixioso. Por último, dada a importancia que a sociedade concede á conservación, reconstrución e coñecemento do patrimonio relixioso da humanidade polos seus valores históricos e artísticos, as tecnoloxías da información e a comunicación servirán para facilitar ó alumno o acceso e coñecemento de todo ese rico patrimonio.

O alumno de educación primaria, no seu proceso de relación e integración no medio, descobre e constata a presenza de elementos cualificados como relixiosos sobre os que debe construír algún tipo de coñecemento. Por iso, ó longo da educación primaria, o alumno deberá adquirir uns datos básicos acerca da influencia dos sistemas relixiosos e morais no desenvolvemento social e cultural dos pobos nos que estiveron ou están vixentes. Así, as celebracións e os tempos sagrados, as imaxes, os símbolos, os libros sagrados e a arte relixiosa serán eixes de coñecemento para o primeiro ciclo deste nivel educativo. O mapa das relixións no mundo, os mitos e lendas relixiosas da humanidade e o nacemento das grandes relixións serán o obxecto de estudo para o segundo ciclo. E, finalmente, unha panorámica das diferentes relixións existentes desde a antigüidade servirá para presentar ós alumnos as constantes do relixioso na persoa, a arte e a cultura, a organización social e os feitos históricos.

Obxectivos

1. Recoñecer e identifica-las referencias relixiosas presentes en estruturas e comportamentos sociais e nas experiencias culturais e artísticas máis significativas.

2. Descubri-lo feito relixioso a través do estudo da historia das principais relixións.

3. Valora-los sistemas éticos propostos polas diferentes relixións e as consecuencias que tiveron na vida das sociedades en que estiveron ou están vixentes.

4. Coñecer e avalia-las respostas máis elementais (mitos, lendas, modelos) coas que as relixións responderon ás preguntas que, en tódolos tempos, a humanidade se fixo sobre a orixe do mundo, a orixe da vida, a existencia do mal, a morte. Coñecer algunhas mani-

festacións sociais e culturais dos distintos pobos, inspiradas nestas respostas da relixión.

5. Manter unha actitude de tolerancia e respecto ante as diferencias relixiosas.

6. Analiza-los valores culturais, estéticos, sociais e éticos presentes nas manifestacións da relixión, tanto ó longo da historia como na actualidade.

7. Coñece-las crenzas, signos e valores das relixións e a súa incidencia na historia e na sociedade.

8. Valora-la importancia pasada e presente da tolerancia e a liberdade relixiosas para a convivencia política pacífica e libre, así como para o desenvolvemento intelectual, científico e cultural dos pobos.

Primeiro ciclo

Contidos

- I. Os espazos da relixión.
 1. Os lugares do culto na antigüidade e na actualidade.
 2. Lugares universais de peregrinación e reunión.
- II. O calendario e as festas relixiosas.
 1. As festas relixiosas de cada semana.
 2. As festas de cada ano.
 3. Os períodos santos.
- III. Ritos e cultos.
 1. A oración e a música.
 2. Os ritos e as súas formas.
 3. Actitudes relixiosas.
- IV. As imaxes e a arte relixiosa.
 1. Símbolos das relixións máis importantes.
 2. A representación dos deuses gregos e romanos.
 3. As representacións relixiosas máis frecuentes do medio en que vive o alumno.
- V. Os libros sagrados das relixións.
 1. A Biblia, o Evanxeo e o Alcorán.
 2. Os libros sagrados das relixións orientais.

Criterios de avaliación

1. Identificar determinados edificios como lugares sagrados; indica-los grupos relixiosos ós que pertencen e describi-las súas principais características.
2. Coñece-las principais festas relixiosas que se celebran no mundo que rodea o alumno ou que aparecen nos medios de comunicación.
3. Identifica-los ritos relixiosos máis importantes das relixións do seu medio.
4. Identificar imaxes e nomes das representacións máis habituais no medio cultural que representan signos, personaxes ou divindades de diferentes relixións.
5. Recoñece-los signos externos das diferentes relixións do seu medio.

Segundo ciclo

Contidos

- I. O nacemento das grandes relixións.
 1. Os grandes mestres e profetas da tradición relixiosa oriental.

2. Os fundadores das grandes relixións do Mediterráneo: Moisés, Xesús e Mahomet.

II. Mitos e lendas relixiosas da humanidade.

1. Mitos e lendas sobre a orixe do mundo e da vida.
2. Mitos e lendas sobre deuses e heroes: na relixión mesopotámica, en Exipto, en Grecia, en Roma e nas relixións incaicas, aztecas e maias.

III. Mapa das relixións no mundo e as culturas de hoxe.

1. O mapa das relixións antigas: o seu lugar de orixe, as súas áreas de influencia.
2. Orixes e áreas de influencia das relixións na actualidade: as relixións orientais; o Xudaísmo; o Cristianismo e o Islam.

IV. A arte relixiosa no mundo.

1. Vestixios da arte relixiosa no mundo antigo.
2. As obras máis significativas da arte das relixións monoteístas.

Criterios de avaliación

1. Identifica-los fundadores das principais relixións, coñecendo os trazos e feitos máis importantes da súa vida en relación coa iniciativa relixiosa protagonizada, e situándoo o seu contexto cultural e social.
2. Coñece-los principais mitos e lendas relixiosas.
3. Coñece-lo significado dunha lenda como resposta a algunha das grandes preguntas formuladas pola humanidade.
4. Recoñece-las figuras que, nas expresións plásticas do medio cultural ou presentadas polos medios de comunicación, representen personaxes da mitoloxía, a haxiografía ou a lenda relixiosa.
5. Localiza-las relixións dominantes nos diferentes países e propor algún trazo da sociedade ou a cultura do país, referidos á relixión.
6. Coñece-las principais manifestacións da arte relixiosa.

Terceiro ciclo

Contidos

- I. Relixións da antigüidade.
 1. As relixións en Mesopotamia e Exipto.
 2. A relixión dos gregos e a relixión dos romanos.
- II. Relixións orientais.
 1. Hinduísmo e budismo.
 2. O sistema ético de Confucio na sociedade china. O Taoísmo.
- III. As relixións actuais.
 1. O Xudaísmo, o Cristianismo e o Islam.
- IV. As constantes do relixioso.
 1. A persoa, a transcendencia e as mediacións, estrutura básica de toda relixión.
 2. A expresión do relixioso na arte e a cultura, na organización social e nos feitos da historia, característica de tódalas relixións.

Criterios de avaliación

1. Identifica-la relixión á que pertencen os enunciados de determinadas crenzas, ritos ou opcións morais.

2. Establecer relacións entre as crenzas e os principios éticos e morais das relixións que o alumno coñece.

3. Recoñece-las semellanzas e diferencias que existen entre as crenzas relixiosas e opcións morais propias e as que presentan as distintas relixións que o alumno coñece.

4. Identifica-la orixe relixiosa dalgunhas actuacións ou feitos sociais, ou dalgunhas manifestacións da cultura e a arte.

5. Recoñecer nas manifestacións das diferentes relixións as constantes que caracterizan todo feito relixioso.

ANEXO II

Horario escolar correspondente ás ensinanzas comúns para a educación primaria

	Horas
Para o primeiro ciclo:	
Ciencias, xeografía e historia	175
Educación artística	105
Educación física	140
Lingua castelá	350
Lingua estranxeira	35
Matemáticas	175
Sociedade, cultura e relixión	105
Total	1.085
Para cada un dos outros dous ciclos:	
Ciencias, xeografía e historia	170
Educación artística	105
Educación física	105
Lingua castelá	275
Lingua estranxeira	170
Matemáticas	170
Sociedade, cultura e relixión	105
Total	1.100

De acordo co establecido no artigo 8.2 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, as comunidades autónomas que teñan, xunto coa lingua castelá, outra lingua oficial disporán para a organización das ensinanzas desa lingua do 10 por cento do horario escolar total que deriva deste anexo. En todo caso, o horario escolar correspondente ás ensinanzas comúns da lingua castelá será, como mínimo, de 275 horas para cada un dos ciclos.

13180 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 827/2003, do 27 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación.* («BOE» 157, do 2-7-2003.)

Advertidos erros no Real decreto 827/2003, do 27 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación

da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número en lingua galega, do de 2003, procédese a efectua-las oportunas rectificacións:

Na páxina , columna, debe intercalarse unha disposición transitoria primeira entre a disposición adicional terceira e a disposición transitoria única coa redacción seguinte:

«Disposición transitoria primeira. *Ensinanzas de relixión.*

Durante os cursos académicos 2003-2004, 2004-2005 e 2005-2006, e mentres non sexan substituídas pola área ou disciplina de sociedade, cultura e relixión, as ensinanzas de relixión e mailas actividades de estudo alternativas reguladas no Real decreto 2438/1994, do 16 de decembro, manterán para os alumnos que as cursen os efectos académicos previstos no citado real decreto.»

Na mesma páxina, a actual disposición transitoria única convértese en disposición transitoria segunda.

13284 *REAL DECRETO 831/2003, do 27 de xuño, polo que se establece a ordenación xeral e as ensinanzas comúns da educación secundaria obrigatoria.* («BOE» 158, do 3-7-2003.)

Segundo establece a Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, no seu artigo 8.2, correspóndelle ó Goberno fixa-las ensinanzas comúns, que son os elementos básicos do currículo, en canto ós contidos, obxectivos e criterios de avaliación. A fixación destas ensinanzas é, en todo caso e pola súa propia natureza, competencia exclusiva do Estado, de acordo co previsto pola Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, na súa disposición adicional primeira.2.c), e a teor da disposición derradeira terceira.2 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación.

A finalidade destas ensinanzas comúns, e razón de ser da competencia que lle corresponde en exclusiva ó Estado para fixalas, é, tal como así mesmo se expresa no artigo 8.2 da referida Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, garantir unha formación común a tódolos alumnos dentro do sistema educativo español e a igual validez dos títulos correspondentes.

Para asegura-lo logro desta finalidade, as ensinanzas comúns deberán quedar incluídas, no seus propios termos, no currículo que cada unha das administracións educativas estableza para o seu respectivo territorio e á súa impartición deberá dedicarse, en todo caso, de acordo co determinado pola propia Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, no seu artigo 8.2, o 55 por cento dos horarios escolares nas comunidades autónomas que teñan, xunto coa cas-